

Entrevista a
Eva Solla,
coordinadora
de EU Galicia



Páxinas 6 e 7

A tapa de
polbo máis
grande do
mundo



Páxina 13

O lume deixa
sin forraxe ó
gando de
Caldelas



Páxina 14

500.000 euros
de Medio
Ambiente para
o Xurés



Páxina 16

Porto Cabral
divide aos
comerciantes
de Vigo



Páxina 17



De esq. a dereita: Alejandro Alonso e Fernando Córdoba (Frigolouro), Teresa Pérez e Loly Castiñeira (concelleiras), Marcos Besada (Alcalde) e Antonio Méndez (Adegas de Rubiós)

20.000 racións para celebrar os 25 anos da Festa dos Callos de Salceda

Regadas con viño sousón d'Amaro, da Adega Señorío de Rubiós

Páxinas 20 e 21

SEÑORÍO DE RUBIOS

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amado,
DESCÚBREOS!

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós As Neves, Pontevedra, Galicia
986 667 212 info@srubios.com

SEÑORÍO DE RUBIOS
www.srubios.com

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

0 exemplo de Compromís

Compromís é a terceira forza política do País Valencià, a moi pouca distancia do Partido Socialista, co que forma Goberno dende 2015, despois de 20 anos de maioría absoluta do PP. Quitou entón 19 sobre o total de 99 deputados totais nas Corts Valencianes. Resultado que lle valeu a presidencia destas Corts (que ocupa Enric Morera), a vicepresidencia da Generalitat (Mónica Oltra) e catro das oito consellerías do Govern. Canda estas autonómicas celebráronse as locais nas que quitou 722 concelleiros e 84 alcaldías, entre elas a da grande cidade de València. (Joan Ribó).

A coalición naceu no 2010, fundada pola federación nacionalista Bloc Nacionalista Valencià (Bloc), Iniciativa del Poble Valencià (IPV, forza ecosocialista e valencianista que se escindiu da IU polo seu centralismo e suxeición ao PCE) e os verdes, hoxe integrantes da organización valenciana de Equo. A proposta nacía baixo os principios de valencianismo (organización soberana con decisión única no País Valencià), progresismo non dogmático e ecoloxismo, principios que constituían o mínimo común denominador dos coaligados. O nacionalismo valenciano superaba deste xeito o esencialismo,

abríndose a sectores que funcionaban en clave federalista, malia que o principio de autoorganización asumíase tamén por estes sectores como irrenunciábel.

A fins do 2015 o Bloc dubidou en se integrar nunha coalición electoral con Podemos para as estatais, pero IPV e os adheridos non pertencentes a os partidos fundadores pularon por esta coalición, reeditada en xuño de 2016. Mais nas dúas ocasións, o rexeitamento da Mesa do Congreso á coalición valenciana determinou que os deputados de Podemos accedesen ao confederal Unidos Podemos-En Marea-En Comú Podem, mentres que os catro deputados de Compromís integábanse no Grupo Mixto como subgrupo, atopando unha fór-

mula que posibilitou que o País Valencià fíxese audíbel a voz que hoxe non se escoita (ou, polo menos non abondo) a respecto de Galicia.



O éxito electoral chegoulle a Compromís despois de cinco anos de traballo aquelado. É evidente que a crise do PP nas eleccións do 2015 servíulle de panca de lanzamento. Mais en grande parte o seu éxito débese ao seu estilo dialogante, e inclusivo, pendentes moito máis dos intereses da sociedade valenciana ca dos seus dogmatismos e diferenzas internas.

A unidade imposible

É moi difícil partillar un discurso común a respecto das causas e efectos do terrorismo islamita coa opinión publicada representativa da dereita española, inzada de islamofobia e catalanofobia.

O atentado do 11-M amosou a vinculación entre as políticas exteriores e militares occidentais e o terror yihadista. Esta caste de opinións da dereita española rexeitan considerar que a política exterior USA e dos seus aliados en Iraq ou Siria alimente ao yihadismo. Algúns mesmo seguen a defender exóticas teorías da

conspiración a respecto daquel atentado.

Estas opinións negan tamén a simbiose ideolóxica de Arabia Saudí e algunha outra monarquía do Golfo Pérsico coas comunidades islamitas radicalizadas de onde xurden os terroristas e o seu apoio financeiro ás mesmas. Porque admitir esta realidade suporía un rebrandamento xeral ás relacións políticas e económicas (entre elas a venda de armas españolas) entre estes Estados e o Estado español, que defende unha tradicional amizade con estes reximes. Unha amizade que pasa pola proximidade á familia real saudí do anterior e do

actual Xefe de Estado, mesmo na defensa dos intereses de determinadas grandes empresas. Diante desta realidade eran previsíbeis as críticas que algúns dos manifestantes lle dirixiron ao Rei na manifestación do sábado.

Esta caste de opinións despreza estes factores fundamentais e centra o seu relato na islamofobia. A apertura aos refuxiados propiciaría o terrorismo islamita e as comunidades musulmanas europeas serían pasivas colaboradoras, cando non coadjuvantes, das accións terroristas. Esquecen que o 92% dos mortos do Estado islámico son musulmáns e que só dende o fundamentalismo yahabista (que interpreta o Corán a medio da tradición e da

sharia) atopa xustificación a agresión aos non musulmáns.

E logo está a catalanofobia. Dende o minuto un tentouse vencellar as mortes coa xestión do Govern independentista, criticando a suposta acollida de musulmáns en Catalunya, a resposta policial da Generalitat e o uso parcial do catalán!!! nas roldas de prensa.

Dende as esquerdas asumíuse xa que a resposta inclúe a prevención e represión policiais e, nese senso, é paradigmática a xeral aceptación da proporcionalidade das intervencións letais dos Mossos. Mais a dereita española non avanza na súa visión do problema. Nestas circunstancias a unidade é moi difícil.

Verdades sobre o terrorismo islamita

Para enxergarmos a realidade do terrorismo yihadista cómpre enfrontar as solucións dende a perspectiva europea, desenvolvendo a escalas continental e local todas as actuacións de represión e prevención a curto prazo que sexan compatíbeis co Estado de Dereito e co contido esencial das liberdades. Urxe, neste senso, transformarmos a Europol nun auténtico FBI europeo que coordine as respostas de intelixencia ao terrorismo na Europa toda. Mais non haberá solución global e europea sen modificacións substanciais nas políticas de

inclusión dos residentes musulmáns na Europa e sen unha remuda substancial das políticas exteriores europeas.

A case totalidade dos terroristas actuaes na Europa non son refuxiados da guerra de Siria, senón nacionais europeos ou, cando menos, residentes estábeis. Na súa conversión en terroristas adoita ser decisivo o discurso dalgunhas mesquitas adoito financiadas polo diñeiro saudí. De feito, wahabismo e dinastía saudí son inseparábeis dende o século XVIII e a aplicación radical da sharia e o concepto de yihad son seme-

llantes en cadansúas cosmovisións do réxime saudí e do Estado Islámico. Arabia Saudí é socio comercial privilexiado do Estado español no que atinxe á merca de armas, construción de infraestruturas e venda de petróleo. Os intereses comerciais de determinadas grandes empresas españolas son alí moi importantes e mesmo o anterior Xefe de Estado foi quen garantiu a subministración de petróleo saudí naqueles anos 1977 e 1978. Por qué non se curta o financiamento saudí a moitas mesquitas españolas?

Por outra banda, o apoxeo do Estado is-

lámico veu da man da intervención militar USA, secundada polo Reino Unido, ao destruír a ditadura de Saddam Hussein en Iraq e financiar a oposición islamista á ditadura siria de Bashar al Assad. Os intereses petrolíferos occidentais preferiron Estados falidos que remataron co apoxeo dun Estado Islámico que vendía barato o petróleo de Mossul a través de Turquía. Unha Turquía que tampouco quere destruír de todo aos yihadistas, porque non quere un Kurdistan forte, reunificado e independente.

Non pode haber loita eficaz contra o yihadismo sen actuar sobre estes parámetros. Compre analísalos polo miúdo e non mercarlle aos de sempre explicacións islamófobas de todo a cen.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Por Guillermo Rodríguez

Non todos somos Barcelona

Cando un se para a pensar como eramos a principio de século e como somos agora non deixamos de sentir unha certa nostalxia daqueles duros tempos. Duros para vivir con apenas nada. Duros para enfrontarmonos coa fame, co frío, coas necesidades máis elementais.

Sen embargo tamén tiñan o seu engado. Tamén mostraban o mellor de cada quen fronte as necesidades dos demais. Eran, digamos, tempos máis fraternos, máis solidarios; pero dunha solidariedade permanente, día a día, todos os días. Non como agora que de socato por mor dun atentado todos nos sentimos Barcelona, Madrid, París. Berlín, Nova Iorque.

A solidariedade de antes estaba estimulada polas diferenzas entre clases sociais. Existían os ricos, os potentados, os que se tiñan quedado con todo dende os tempos inmemoriais. Ninguén se preguntaba nada porque se daba todo por natural. Que ía esixir un/unha criada/o aos seus amos se xa naceran para iso?. Tiñano asumido; xa os seus pais foran criados, algúns case escravos. Os señores non se cuestionaban ningunha solidariedade cos de máis abaixo, coa plebe. Era natural. Os fillos de D.Fulano de Tal tiñan que ser iguais que seus pais. Debían ter criados ao seu servizo porque así xa estaba escrito no “código romano”.

Neste ambiente os pobres, os necesitados estaban sempre prestos para botar unha man cada vez que un dos seus, un da súa familia de desherdados, lles ocorria algunha desgraza. A morte dun fillo en plena mocidade, a queima da súa choza (vivenda), que o deixaba na rúa co posto, a morte dalgún animal doméstico que formaba parte do sustento da familia, etc. Todos eran todos, pero todos os días. A súa desgraza era estrutural; era o resultado dun reparto de riqueza inxusto, intolerable, pero contra o que nada podían facer.

Hoxe ocorre un atentado en calquera cidade do mundo. Uns fanáticos, sen preguntarnos a orixe dese fanatismo, levan por diante e matan unha morea de cidadáns que tranquilamente paseaban por unha rúa, por unha avenida. De súpeto o mundo “civilizado” séntese formando unha piña. Sente como se os efectos desa des-

graza o afectaran directamente. Organízanse manifestacións en vilas e cidades, coa presenza das autoridades máis representativas, incluídas a realeza. Os medios de comunicación bombardean aos lectores, aos oíntes, aos televidentes coa trágica noticia lembrando que todos temos que ser solidarios, todos temos que ser Barcelona, París, Nova Iorque, etc.

Quen se atreve a poñer en dúbida esta premisa fundamental: a barbarie, o terrorismo hai que combatelo con todas as armas ao noso alcance. Non faltaría máis. Os cidadáns normais e correntes; pagado-

res de impostos e traballadores con soldos de miseria, , teñen que entender que deben aceptar unha situación incómoda (restricción de acceso a certos lugares, someterse a cacheos en calquera sitio onde se xuntan unha pequena morea de xente, recortes nas súas liberdades, etc.). Todo iso faise polo ben dos cidadáns honrados, civilizados, demócratas.

As autoridades de todo o mundo, dende a China ao Caribe, convócanse a reunións institucionais de alto copete para acordar medidas contra esta barbarie. E tómanas. Deciden, por exemplo, rastrexar todos os carnets de identidade que teñen ao seu alcance (e son cáseque todos) para que ninguén poida escapar aos controis que en cada aeroporto, porto ou estación de autobuses se instalan. Rematan esas reunións convencidos de ter dado un paso máis cara a unha sociedade máis segura. Non se atreven a dicir, cara a unha sociedade menos libre, menos demócrata, máis cautiva, controlada, vixiada. En suma, unha gaiola de cristal con cámaras de vixilancia en cada currunchito, pero todo pola nosa seguridade.

O que ningunha autoridade das aí reuni-das se pregunta é de onde saen eses cidadáns aos que chamamos terroristas, tolos de atar, indesexables, sen dereito á vida. Ninguén se pregunta como chegaron a ese estado de alienación mental. Por que razón están dispostos morrer inmolándose desa maneira, se todos sabemos que, como di o refrán, “da morte ata foxen os bechos”. Sen embargo todos saben que na balanza de pagos dos seus respectivos países existe unha partida importante procedente da venda de armas que eses locos están utilizando. Claro que non lles venden aos es-

a man; deberían ofrecernos unha r o s a

como se fai nas Ramblas de Barcelona na festividade de San Jordi?

Creo que non todos somos Barcelona. Esa é unha expresión que ten o valor dun día, tal vez unha semana. Unha flor que se murcha en canto chegamos aos nosos despachos políticos e temos sobre a mesa unha oferta, dun país calquera, de centos de miles de millóns de euros para que lles vendamos metralletas, modernos fusís ou avións de combate. Habería que dicir mellor que “todos somos o Banco Mundial Europeo, ou a Reserva Federal americana”. Aí sí que todos somos uns; aí non hai fisuras. Como se di dos ingleses, Inglaterra non ten amigos, ten intereses. Hoxe todos somos ingleses.

Obviamente non desexamos que ningún cidadán sexa vítima inocente “dunha guerra solapada, de intereses espúreos, indecentes e irresponsables”. Somos pacifistas por natureza, pero rebelámonos contra a mentira, contra a indecencia con que os nosos gobernantes nos tratan de facer comungar con rodas de muíño.

Non á violencia, non ao terrorismo, pero tamén NON á hipocrisía, á burla xa histórica coa que pretenden anestesiarnos, alienarnos, facéndonos crer que gobernan para mellorar o mundo, incluído o mundo deses terroristas que perseguimos e matamos como alimañas.

Botamos de menos aquel espírito solidario dos tempos de nosa nenez. Aquel era auténtico, de verdade; fraterno, cheo de amor polos demais. Daquela sí que todos eramos uns, aínda que non se pregoaba aos catro ventos porque era algo natural, instintivo, verdadeiro. Nada escondía.

Nestes momentos só nos une o medo; o medo a un mundo sen alma ao que todos contribuímos cada día.

Mágoa daquela solidariedade!! Co felices que podíamos ser sen medo, sen restriccións nas nosas vidas, sentíndonos todos irmáns, todos familia, todos uns!!

Disfruten desta pouca liberdade que nos van deixando: non crean que é polo noso benestar. Son outros os intereses que están en xogo. Nós só somos o pretexto.



Barcelona
No tinc por





DE C! E! Compostela Decide

Orzamentos participativos 2018

A cidadanía de Compostela decide en que empregar **1.500.000 €** do orzamento municipal para investimentos, para actividades da mocidade e para as Festas do Apóstolo

 **Deseñamos desde abaixo**
Un proceso autorregulado

 **Propoñemos**
Facemos propostas de investimentos e de actividades

 **Apoiamos**
Priorizamos as máis necesarias

 **Avaliación técnica**
O persoal técnico do Concello analizará as propostas que reciban máis apoios e calculará o seu custo

 **Decidimos**
Votación final das propostas que se incorporarán ao Orzamento de 2018

decide.santiagodecompostela.gal


CONCELLO DE SANTIAGO

Arroupa contratará dúas persoas máis grazas á instalación na cidade dos 33 novos colectores de roupa e calzado

Os concelleiros de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro, e de Políticas Sociais, Concha Fernández, visitaron esta mañá as instalacións de Arroupa, no Polígono do Tambre. Os edís estiveron acompañados polo director de Cáritas Diocesana en Santiago, José Anuncio Mouriño, e pola xerente de Arroupa, Isabel Fraga.

O obxectivo da visita de Xan Duro e Concha Fernández era coñecer máis en detalle o funcionamento da empresa de inserción laboral promovida por Cáritas, que vén de resultar adxudicataria do contrato para a colocación na vía pública de 33 colectores de roupa e calzado usados. Estes colectores substituirán aos que aínda ten instalados nas rúas da cidade a anterior empresa adxudicataria.

Oportunidade de inserción

Arroupa vén funcionando en Santiago dende finais de 2015, e ten a súa sede nunha nave do Polígono do Tambre, en concreto na rúa Isaac Peral. Ademais, conta cunha tenda física en Casas Reais, onde vende os produtos téxtiles e o calzado que recolle e clasifica.

A concelleira de Políticas Sociais salientou que a empresa empezou con cinco traballadores e traballadoras, e a día de hoxe dálle emprego a 20 persoas en situación de risco ou exclusión social. Concha Fernández lembrou que estes traballadores e traballadoras son seleccionados nun pro-



O director de Cáritas en Santiago, a xerente de Arroupa e os dous concelleiros visitando as instalacións.

ceso que é pilotado polos servizos sociais municipais, e Arroupa "ofrécelles unha oportunidade de adquirir competencias e coñecementos que despois lles faciliten o seu acceso ao mercado laboral". A instalación dos 33 novos contedores permitirá a contratación de dúas persoas máis.

Reserva de emprego

O concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro, explicou que os novos colectores de roupa e calzado usados empezaranse a instalar previsiblemente en setembro. O edil lembrou que na licitación do contrato "introducírase a novidade de reservar a adxudicación para centros especiais de emprego, como un xeito máis de ofrecerlles oportunidades ás persoas en risco ou exclusión social". O edil tamén se referiu aos beneficios ambientais destes contedores, "un claro exemplo de economía

circular, que devolve á vida útil roupa e calzado que ían acabar convertidos en desperdicios".

Empresa de inserción en crecemento

A xerente de Arroupa, Isabel Fraga, agradeceu a aposta do Concello polo emprego inclusivo, e lembrou que a empresa de inserción laboral de Cáritas poderá seguir medrando grazas á instalación dos novos colectores. En 2016, no seu primeiro ano de vida, Arroupa recolleu 600 toneladas de roupa e calzado nos 125 contedores que tiña instalados polos municipios da diocese de Santiago. No que levamos de 2017 foron xa 450 toneladas, o que supón un crecemento do 30% con respecto ao mesmo período do ano pasado. Segundo explicou Isabel Fraga, os novos contedores "permitirán sumar 150 toneladas anuais máis á recollida de Arroupa".

Sinalizadas zonas avanzadas de espera para ciclistas en 14 pasos de peóns da cidade

Catorce pasos de peóns do centro da cidade contan dende hoxe cunha plataforma avanzada de espera para bicicletas. Trátase dun espazo para uso exclusivo dos ciclistas, que "poderán situarse diante dos coches detidos nos semáforos en vermello, para non vérense afectados por xiros inesperados". O concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro, explicou que esta nova sinalización "forma parte da aposta do Goberno polo uso da bicicleta, e vénse sumar a outras medidas como a instalación de aparcabicis na zona histórica hai só unhas semanas".

Os 14 puntos sinalizados

están en rúas con alta densidade de tráfico como Virxe da Cerca, Senra, Xoán Carlos I, Doutor Teixeiro e praza de Galicia. O edil explicou que "se avaliará o funcionamento da nova sinalética, pero a intención é estendela a outros puntos da cidade que poidan ser conflictivos polo alto volume de circulación que soportan". Xan Duro mostrouse convencido de que "os condutores e condutoras serán respectuosos coa nova sinalización" e aclarou que "nunha primeira fase, como é habitual, farase un labor educativo antes de empezar a sancionar os vehículos que non respecten as zonas exclusivas para ciclistas".



A Valedora do Pobo archiva os expedientes abertos ao Concello en relación ás persoas sen fogar

A Valedora do Pobo vén de comunicar ao Concello a súa decisión de archivar todos os expedientes que tiña abertos en relación á situación das persoas sen fogar en Com-

postela. Eses expedientes referíanse a tres escritos de queixa, que argumentaban que o comportamento destas persoas era contrario á ordenanza municipal de convivencia.

A Valedora do Pobo adopta esta decisión argumentando que coñeceu por sentenza xudicial que "os servizos sociais do Concello interviñeron na información da situación e nas medidas de apoio" en relación á única persoa sen fogar que seguía sendo obxecto das queixas recibidas. Esta persoa fora ingresada nun centro sanitario por orde xudicial, tras a mediación dos servizos sociais do Concello.

Tratamento mediático

A Concellaría de Políticas Sociais tamén ten presentado un

escrito diante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en relación ao tratamento informativo que algún medios de comunicación lle deu ás persoas sen fogar e ás situación de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social que sofren. O escrito asinado pola concelleira Concha Fernández lembraba que os representantes públicos e as institucións teñen a responsabilidade de "velar polos dereitos de todas as persoas, independentemente da súa situación de falta de recursos", e os medios de comuni-

cación "xogan tamén un papel central no labor de concienciar á sociedade no respecto da dignidade de todas as persoas, tamén das persoas sen teito, e non afondar nun tratamento estigmatizador ou que directamente vulnere os seus dereitos fundamentais".

Ademais do Concello, tamén presentaron as súas denuncias ante o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia os colexios profesionais de Educación e Traballo Social e a Fundación RAIS.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Entrevista a Eva Solla, coordinadora nacional de Esquerda Unida Galicia

“Non é un bo dato que o goberno teña que incrementar as axudas sociais”

Eva Solla naceu en Vigo e é enfermeira de profesión. Hai algo máis de dous anos decidiu entrar en política a tempo completo. O día 3 de xuño de 2017 a súa vida cambia dá unha viraxe. Foi elixida coordinadora nacional de Esquerda Unida Galicia. Falamos con ella sobre temas como o desemprego, a situación das persoas sen fogar e cales son, desde Esquerda Unida Galicia, as diferentes propostas para afrontar estes temas.

-É difícil ser comunista nos tempos actuais?

-É difícil ser traballadora precaria, ser comunista non o é. Pero calquera militancia política necesita dun esforzo e dun compromiso. Mentres exista capitalismo será necesaria unha alternativa. Son comunista porque creo que todas as persoas teñen dereito ao acceso ás mesmas condicións de vida. Máis agora que vivimos nun período longo de crise económica, que fai patente moitas diferenzas económicas e sociais. Penso que o comunismo é iso, a defensa de que todas as persoas teñan acceso a todas as condicións económicas e sociais necesarias.

-Coordinadora Nacional de Esquerda Unida Galicia e secretaria xeral do PCG. Que pode dicir a quen confunda os dous postos?

-Primeiramente, dicir que estamos traballando xa no vindeiro congreso do PCG. Depois que hai trinta anos, o PCE decide iniciar unha andaina con algo máis amplo que era Esquerda Unida, onde entraron outras persoas e movementos de esquerda e colectivos sociais. O PCE está dentro, e ás veces hai diferenzas porque hai compañeiras e compañeiros que non son do PCE.

-Segundo o INE, Galicia no primeiro trimestre de 2017 tiña case 200.000 desempregados, en xuño deste ano algúns medios apuntaban 140.000. Que interpretación conclúe con estes datos logo de que os gobernos autonómico e central din que a crise se está a superar?

-Pois que a recuperación non está chegando á xente normal que é a maioría. Posiblemente o goberno se ampara en datos macroeconómicos, pero a realidade é que familias e persoas seguen na

mesma situación de desemprego. A diferenza non é moi grande desde o comezo da crise. O pouco traballo que se crea é precario. Temos un problema evidente, que non pechou o ciclo económico. Dalgunha maneira a saída da crise que defende o goberno, é unha saída cun empobrecemento xeral, cousa que parece asentarse tanto para persoas sen emprego como as que teñen emprego precario.

-Estamos diante dunha nova clase social, “o precariado”?

-É unha teoría como outra. É certo tamén que sempre houbo unha parte da clase traballadora que viviu nunhas condicións moi malas previas á crise. Tamén é certo que se están consolidando unhas características de pobreza e de exclusión social dentro dos traballadores e traballadoras. Podemos definilo como “precariado”, pero eu penso que é a mesma clase traballadora. Por iso a loita de clases existe, por iso aínda hai moitas persoas que, tendo traballo, engrosan a lista de pobreza. E aínda coas medidas dos gobernos, non hai indicios de que iso mude.

-Entón, desde Esquerda Unida, cales son os puntos que se terían que tratar no mercado laboral?

-Hai uns puntos clave como son, primeiro o emprego público. Un dos motivos de perda de circulación económica foi a perda de capacidade adquisitiva do persoal público. É necesario máis persoal público, non só pola creación de emprego, senón polo ataque frontal que recibiron educación, sanidade e servizos sociais. Eses postos son necesarios para atender dereitos básicos universais. Por outra banda, necesitamos unha banca pública para financiar familias, PEMES e persoas autónomas. A maior


parte do emprego créano PEMES e autónomos. Para isto é necesario crédito público. Non temos por que esperar a unha grande empresa, que non é descartable. E se se fai, que sexa desde unha perspectiva de emprego con dereitos e de calidade. En Galicia temos salarios de miseria, que non son equiparables nin á media española nin á europea.

-Sobre a banca pública hai tempo un polícto dixérame, nos primeiros anos da crise, que cando se enviara diñeiro para rescatar a antiga Caixa Galicia, con ese diñeiro do Estado, o banco xa era público. Pensa o mesmo?

-Dalgunha maneira si, porque foron os cartos da cidadanía os que a rescataron da mala xestión dos empresarios que a dirixían. O problema é que o rescate non se traduciu nun cambio da titularidade, que tería sido o máis lóxico. Pero logo, ese patrimonio ten que volver á xente, porque a xente pagou cos seus impostos o rescate deses bancos. Finalmente temos que, as vivendas propiedade dos bancos, seguen sen poder poñerse a disposición das persoas sen casa. Esas entidades bancarias son vendidas a prezos de riso, e no caso da caixa galega, houbo unha perda de 8.000 millóns de euros. É unha estafa continua sempre aos mesmos.

-A día de hoxe temos unha po-boación nova ben preparada pero moitas veces ten como única opción emigrar. Cre que hai algún interese en desfacerse desta xente ou non hai mercado laboral abondo?

-Hai que ter en conta que a educación non vai só dirixida ao emprego. É relevante, pero non é o único. Pero non sei se existe a vontade real de enviar fóra á xente formada, senón que realmente hai unha vontade de que



haxa precariedade. Porque unha sociedade sen capacidade de acceso a bens e servizos, é unha sociedade con menos dereitos e sen capacidade de defenderse. Creo que ao sistema non lle interesa ter xente empoderada e que poda acceder a postos relevantes, senón que sexa precaria e con pouca capacidade para defenderse.

-Fala entón dunha especie de cooptación de persoas dentro do sistema?

-A clase traballadora conseguiu o acceso a un sistema educativo que agora estamos perdendo. Ao sistema non lle interesa ter realmente persoas moi formadas. Quere que ocupen ocos dentro da terceirización, é dicir, sector servizos e puramente precario, para satisfacer unha economía que é especulativa.

-Mirando datos da Cruz Vermella, en Galicia hai case 1.400

persoas vivindo na rúa, cun total de 3.600 sen fogar. Se sumamos a precarización laboral, non parecen datos dun país do primeiro mundo. Cales son os puntos que ofrece E.U., para combater isto?

-Unha é o acceso real á vivenda. Iso non se fixo efectivo en ningún momento, e está recollido na Constitución. Durante o comezo da crise, moitas familias comezaron a estar nesa situación. Creo que é necesario un parque público de vivendas, que faga efectivo o dereito ao acceso á vivenda, mediante medidas de alugueiro. Neste caso é a Xunta quen pode testalo e controlalo e colaborar cos concellos para facelo efectivo. E ademais poñer as vivendas. A Xunta fixo un plano moi bonito de vivenda pública e sen poñela ao servizo dese plano. E non necesariamente con novas construcións. Hai vivendas dos

Entrevista

Por Moncho Mariño

bancos, da SAREB, hai vivendas baleiras coas que non se fai nada. Coas persoas que viven na rúa, nós propuxemos o de poñer unha vivenda de emerxencia para esas persoas. Logo estudar a súa situación social para ver que se fai. Con isto está relacionado o acceso a unha renda social, como a un emprego de calidade.

-Non lle parece paradoxal que houbese que prorrogar os orzamentos da RISGA, por parte da Xunta de Galicia?

-É sintomático da situación que vivimos. Prorrogáronse dúas veces, fíxose nos anteriores exercicios e vimos de aprobar unha ampliación de crédito de 4 millóns de euros. Isto é síntoma de que a pobreza segue medrando. Que todo o orzamentado pola Xunta é insuficiente para atender a bolsa de pobreza. A RISGA non é o noso modelo, ten un exceso de trámites administrativos, non garante o acceso á totalidade da poboación e ten unhas contías incompatibles cunha vida digna. Debe complementarse con políticas de emprego reais. O que sucede é sintomático de como a pobreza se incrementa, a pesar do discurso do goberno de que existe unha recuperación económica. Non é un bo dato que un goberno teña que incrementar as axudas sociais.

-As rendas sociais ou universais, como apuntan algúns sectores, son freo para buscar activamente emprego?

-Considero que non, porque ademais, é obriga da mesma administración, garantir que se xere emprego. Creo que á meirande parte das persoas lles gustaría ter un emprego con dereitos, o problema é que non poden atopalo. E nin a Xunta nin o goberno central están a exercer a súa potestade para que as persoas teñan traballo de calidade. Non se dan esas condicións e por

tanto, non se lle pode trasladar ás persoas a responsabilidade de solicitar axudas sociais. A xente ten dereito a comer e a unha vida digna. Por tanto, que alguén diga que a xente solicita a RISGA por non traballar, quixera que esas persoas vivisen con 400€, porque é unha situación realmente lamentable.

-Vostede é traballadora da sanidade. Chega o verán, peche de camas. Hai centros concertados, disque para suplir cousas que faltan na atención pública.

-Isto vai encamiñado para adelgazar a sanidade pública, para restrinxilo a todo aquilo que non quere a sanidade privada, porque non lle crea negocio. Actualmente a sanidade privada é un complemento da pública, pero camiñamos cara un modelo no que a pública sería complementaria da privada. Como o modelo dos EE UU. Aquí xa non é universal a sanidade desde o 2012, Real Decreto 16/2012. A Xunta de Galicia ten aprobadas moitas normas entre elas a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias de 2013. Isto facilitou o trasvase de doentes da pública á privada. E que as persoas que non querían ir á privada perdían a garantía de prestacións. Iso foi algo moi grave, ao que non se lle deu atención aínda. É como unha ameaza. Ademais, non vemos que na privada, no verán pechen camas. Asistimos a unha excusa para descapitalizar a sanidade pública.

-Entón, existe diñeiro dabondo nas arcas públicas para soste o modelo sanitario público?

-Cremos que si e que é unha cuestión de prioridades. Presentamos enmendas cada ano aos orzamentos rexeitadas frontalmente. Podemos entendelo, porque nós propomos de onde poden saír eses cartos. Elevación do teito de gasto, máis carga impositiva ás



Foto de Irene Tomé

grandes fortunas, isto é un posicionamento político. Nós entendemos que hai unha elevada fraude fiscal, hai unha necesidade de impostos a quen máis ten, e outros impostos que suporían maior recadación e investimento en servizos públicos. E mesmo agora, cos recursos que hai, facemos propostas que son rexeitadas para investir na sanidade pública. O que hai é que ter é vontade política.

-No caso de EU parciaren nun goberno da Xunta, como tratarían temas como o aborto?

-Creo que a norma que se adoptou no goberno de Zapatero avanzaba moito, con todas as eivas que tiña. A nivel de goberno central, habería que eliminar esa restricción que fixo o goberno do PP para as menores de 16 anos. Tamén se podería afrontar unha reforma integral da lei de Saúde Sexual e Reprodutiva. No caso galego, habería que garantir o acceso das mulleres ao aborto dentro da sanidade pública, quizais cunha nova norma

dentro das marxes legais. A día de hoxe non está garantido que ese aborto se faga na sanidade pública, seguimos enviando mulleres a clínicas privadas e tamén, fóra da nosa comunidade autónoma. E desde logo que se faga efectivo en condicións de dereito. Tivemos na pasada lexislatura, un debate sobre como estaban exercendo as mulleres o dereito ao aborto no segundo trimestre, que eran por condicións médicas, e a día de hoxe, seguimos sen saber que medidas puxeron sobre a mesa para realizar ese aborto en condicións aceptables na sanidade pública. Dentro do marco legal actual, creo que ese dereito debería estar garantido.

-Os últimos cambios acontecidos dentro das novas forzas políticas nacidas hai pouco tempo, non serían unha xustificación para que as persoas desconfíen desas novas forzas políticas?

-Os cambios para avanzar son positivos. Nos últimos cinco anos

vivimos unha serie de cambios. No caso galego primeiro con AGE, logo a aparición de Podemos e das Mareas, todo iso é enriquecedor. En todo proceso hai pasos para adiante e dificultades. Isto pode xerar incompreensión porque non é doado de explicar. Teríamos que mellorar a maneira de trasladar á xente os cambios que acontecen nas novas formas políticas. **-Cre que a oposición galega está preparada para dar o paso definitivo á presidencia da Xunta?**

-Creo que si e que debemos traballar no proceso de acumulación de forzas e concretar como se expande o proceso de confluencias, de cara á participación da cidadanía. Imos cunha vocación participativa nese sentido. Penso que a pesar das cuestións internas, creo que presentamos un programa que foi traballado e que foi ambicioso. Desde logo algunhas temos vocación de goberno e que temos propostas para trasladar á Xunta de Galicia.

Camisetas y Gorras



personalizadas desde una unidad

precios no incluyen el I.V.A.

100 CAMISETAS PERSONALIZADAS 299€

15 CAMISETAS PERSONALIZADAS 99€

200 GORRAS PERSONALIZADAS 225€

100 GORRAS PERSONALIZADAS 160€

Tlf. 988 60 70 75

C/Francisco de Moure 20, Ourense


orixepublicidade@gmail.com - www.orixepublicidade.es

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Venezuela e Cataluña

Non se deixen enganar polos medios de comunicación oficiais, que minten e manipulan máis que falan. O interés de Venezuela é que nela hai petróleo e unha Revolución democrática que pretende socializar estes recursos en beneficio das clases populares, dando “mal” exemplo a outros países. O Goberno de EEUU e a maioría dos seus aliados non tiveron ningún problema con Franco, nin con Pinochet, nin con Videla... nin co Rei de Arabia Saudita, afamados ditadores, que patean e patearon os dereitos humanos. A maioría da oposición venezolana é violenta e golpista (o que non sae nos medios de comunicación oficiais, que defenden os intereses das multinacionais que os financian);



queimaron vivos e lincharon a chavistas e intentaron boicotear un proceso electoral. E aínda así, foron derrotados nas urnas. Toda a lexitimidade democrática está do lado do Goberno chavista de Venezuela. Viva a Revolución bolivariana!

Liberdade pres@s independentistas

E o outro tema que quería tocar é o de Cataluña. O Estado Español non é democrático: nunca o foi e nunca o será mentres non recoñeza, con todos os dereitos e deberes, a súa realidade plurilingüística e plurinacional. Sinto ser tan cru pero a vosa democracia é unha farsa, sempre o foi e sempre o será. As institucións españolas están ateigadas de franquistas; a maioría dos medios de comunicación, dominados polas élites non democráticas, que impiden a xustiza social. Se vos queredes informar de ver-

dade, tere-
des que con-
trastar esa
información
viciada
c o a



prensa alternativa dixital ou en papel (a pouca que queda). Hai que deixarlle falar nas urnas ao pobo catalán. E se o Estado golpea a Catalunya, terédesnos a tod@s @s demócratas de fronte: @s que queremos desmontar dunha vez por todas un Estado cuxos alicerces son o fascismo, o imperialismo e o nacional-catolicismo. Amades a Cataluña? Si? Pois dádlle a liberdade. Amades Galiza? Pois non lle matedes a alma, que é o seu idioma, a súa cultura e a súa natureza. Non nos espoliedes os nosos recursos e dádenos a liberdade. Visca Catalunya Lliure! Viva Galiza Ceibe!

Por: Baldomero Iglesias Dobarrío

A historia fala!

Que a nosa sociedade non saiba que facer ou, sequera, para que serve a Nosa Historia é un eiva notable. É a proba da escaseza e pouca destreza que temos para buscar solucións e para que o porvir chame á nosa porta, sendo autores ou protagonistas do presente e, polo menos, mediadores dun futuro en confianza. A Historia é unha arte e unha ciencia, é algo que nos concirne a todos afectándonos directamente, é semente para avanzar no coñecemento e recoñecemento, para descubrir aspectos insospeitados dos asuntos que nos interesan e atinxen, das solucións que debemos propoñer, a nai de todas as ciencias: a deostada experiencia. Mesmo posúe un valor descritivo, pola reiteración e práctica dos erros e pola necesidade que temos de saber poñerlle freo a tanto abuso, abuso por parte dos aproveitados de turno, cíclicos eles e persistentes. De aí a obriga da Lei e da confianza no reparto xusto. É o que se chama aplicación práctica do saber, resulta tan evidente que temos abondosos exemplos para que se poida dar unha so-

lución humana aos desequilibrios dun sistema malo ou mal aplicado, da avaricia, dos enganados, da usurpación, ...dos personaxes que non respectan a sociedade mesma ou o grupo no que viven, empregando hábitos miserables. Nesa mesma sociedade que ignora agora a súa Historia –con responsabilidade dos mesmos que gobernan e tapan, dos medios de comunicación que menten e solapan, dos poderes de turno e das xustizas lentas que xa son inxustas por actuar fóra de lugar e tempo. Cumpriría, polo menos, ensaiar algunha hipótese para non “volver” caer e tropezar nas mesmas pedras. Todo isto vén en ciclos que se repiten, que volven e pillannos sen intención de aprender das experiencias pasadas, non lembradas. Esquecemos con moita facilidade, somos vítimas da volatibilidade dos recordos, estamos feridos na memoria. Quizais chegaría con enunciarnos o que acontece, verbalizar os feitos e adoptar unha postura de loita contra o abuso mercantil, especulativo e de aparenza ornamental. Sería bo enunciarnos un modelo contra a sociedade de consumo

non sostible e abusivo: o vicio devastador de ter moito, rompendo a cohesión social e o reparto (uns moito, outros tan pouco), do entendemento, desintegrador e desmotivador, incomprensivo e intolerante, desamparador no social e educativo, no sanitario, nas prestacións sociais básicas. Este sistema é inxusto e seguirá a selo e queran derrubar e destruír todo canto sexa público e común. E quen? Pois os que se amparan no poder para xerar pobreza e crear grupos hexemónicos que confunden o valor das cousas co seu prezo, que poñen prezo a todos os valores adquiridos e asentados no tempo, nos sentimentos, na paz, no benestar. Estes que gobernan colocándose –claro está– como hexemónicos. Propoñen máis leis, novas leis, que debiliten o coñecemento humanista e fan exercicio práctico da ofensiva, alí onde máis doe, aos máis pobres, á xente do común. Dan golpes quitándonos dereitos, culpándonos, mentindo e disfrazando aos verdugos, domeando as vontades, traballando os medios informativos para deturpar a realidade. Así

fan o que fan coa educación pública, cos servizos sanitarios, coas proteccións sociais. A cambio aportan apoio á Banca, escandalosa de comportamentos, á Patronal do pufo, xúntanse os que rouban para repartir!

Onde quedou aquilo da formación de futuros cidadáns con criterio, libres, que coiden o legado cultural que a nós chegou, os dereitos humanos, o respecto e entendemento. Haberá que preguntarse para que servimos se non somos quen de aprender da Historia. Esa mesma Historia que afirma o pensamento, a xustiza, a arte, o equilibrio, as ideas, a Liberdade! Necesitamos limparnos e apaciguar o desacougo volvéndonos máis humanos, máis pegados á terra, máis afectivos a nós e menos á “prima de riesgo”. Quizais faga falta dicir non e cortar de raíz as cadeas. Quizais faga falla un pouco de amor, para volver estimar as verdadeiras prioridades da vida e, se cadra, cambialas por outras que nos axuden a tender a man, a aprender da Historia para facer Historia.



www.novasdоеixoatlantico.com

Máis de 60 establecementos contan xa con expedientes favorables dentro do proceso de autorización de terrazas logo das medidas aplicadas para garantir a accesibilidade

A concelleira de Igualdade e Diversidade, Rocío Fraga, coas competencias en materia de Seguridade Cidadá, manifestou esta xornada a súa satisfacción polo proceso de regulamento das terrazas da zona centro de alta concentración hostaleira de cara a garantir tanto a accesibilidade, como a seguridade e o dereito da cidadanía a atención de emerxencia nestas zonas. Así, e logo de que este verán a Concellería de Mobilidade Sostible levase a cabo as tarefas de sinalización e marcase das terrazas hostaleiras de 34 rúas da zona centro onde se aplicou un ordenamento singular comprendido dentro do plan de especial protección de Cidade Vella e Pescadería, na actualidade, 63 locais afectados pola delimitación das terrazas contan xa co informe positivo por parte do Concello, paso previo á concesión de licenzas. A responsable municipal salientou "o compromiso e a implicación que está a amosar o sector hostaleiro da cidade", tendo en conta que hai un mes eran 29 os locais que contaban co expediente favorable. Ademais, dos establece-

mentos que aínda teñen informe desfavorable, a día de hoxe, 40 teñen xa entregado nova documentación necesaria para facilitar a concesión definitiva da súa licenza.

Co obxectivo de axilizar a regulación completa de todas as terrazas desta zona de alta concentración hostaleira, a concelleira Fraga indica que os corpos de seguridade municipais están a realizar un exhaustivo seguimento do cumprimento das normas de delimitación do espazo público, de cara a garantir en todo momento a seguridade e accesibilidade da poboación. Ademais, os efectivos municipais reforzarán as solicitudes de documentación necesaria aos locais que aínda non a teñen presentado. "É fundamental impulsar estes trámites de requirimento, xa que estamos a falar do dereito das persoas ao espazo público e á asistencia en caso de emerxencia", comentou a concelleira, quen insistiu en que a vontade do Goberno local foi, dende un principio, que esta regulamentación conlevase os menores prexuízos para o sector. "É importante que os e as responsa-

bles dos establecementos sexan conscientes de que se non presenta a documentación adecuada, en tempo e forma, adaptándose ao novo regulamento, poden enfrontarse a sancións, algo que non é o obxectivo desta actuación que o que busca é asegurar o dereito ao espazo público", resolveu a responsable municipal.

Ordenamento singular

As rúas nas que se procedeu á marcase do espazo das terrazas en base á aplicación do ordenamento singular aprobado polo goberno local son Alameda, Arévalo, Travesías das Hortas, Estrela, Mantelería, Olmos, Galera, Arco, Boquete de San Andrés, Álvaro Cebreiro, Travesía da Mariña, Agar, Luchana, Fama, Real, Rego de Auga, Torreiro, Travesía da Estreita de San Andrés, Travesía de Cordonería, Troncoso, Barreira, San Nicolás, Bailén, San Agustín, Florida, Franxa, Ángel, Oliva, Trompeta, Marqués de Cerralbo, Travesía de Porta de Aires, rúa Real e caleixón da Estacada.

Segundo a aplicación do ordenamento singular, nas rúas peonís cun ancho de vía superior aos 6 metros debe deixarse un itine-



O concelleiro de Mobilidade Sostible, Daniel Díaz Grandío, e a responsable de Seguridade Cidadá, Rocío Fraga, durante as tarefas de comprobación de accesibilidade en zonas de alta ocupación hostaleira.

rario peonil mínimo e libre de obstáculos de 3 metros, sendo a ocupación máxima do ancho de vía permitida de menos do 50%. Por outro lado, nas rúas cun ancho de entre 2,5 e 6 metros deixárase un itinerario peonil libre de obstáculos de 2,5 metros, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencia e outros autorizados. Nas rúas peonís cun ancho de entre 1,80 metros e 2,5 metros deixárase un itinerario peonil libre de obstá-

culos de 1,80 metros, non sendo posible instalar terrazas nas rúas peonís con ancho inferior aos 1,80 metros.

Este ordenamento ampliou tamén o abano de posibilidades para o emprazamento das terrazas de cara a facilitar que non só poidan ampliar o seu espazo á area colindante na que se atopan, senón tamén ás zonas enfrontadas, no caso de que contengan a autorización dos ou das propietarios.

O Concello reclamará á empresa que explota o elevador e o miradoiro do monte de San Pedro o reintegro de 603.090 euros

A Concellería de Medio Ambiente trasladou á Xunta de Goberno local o arquivo do procedemento iniciado para a revisión de oficio dos acordos para a aprobación das contas de explotación da entidade Miramar de San Pedro -que xestiona o elevador e o miradoiro do monte de San Pedro- correspondentes aos anos 2010, 2011 e 2012, e a adopción de novas medidas para requirir á empresa o reintegro ás arcas municipais de 603.090,04 euros, que a empresa percibiu en concepto de cobertura de déficit de explotación. A decisión, tal e como indica a concelleira desta área, María García, tómasse logo de que o goberno local iniciase en decembro do ano pasado o procedemento de revisión de oficio, ao ter indicios de que o déficit alegado pola empresa

nestas tres anualidades, que motivou o aboamento desa cantidade -desglosada en 238.817,40 euros en relación á conta de explotación do 2012; 225.824,87 euros relativos a 2011, e 138.447,77 euros, a 2010- "non é real e está sobredimensionado", tal e como quedou recollido polo Interventor xeral en outubro de 2015 e consta tamén nun informe do servizo de Medio Ambiente de decembro de 2016.

Como indica a responsable municipal de Medio Ambiente, no marco dese procedemento de revisión, o Concello solicitou, o pasado mes de marzo, o informe preceptivo do Consello Consultivo, de cara á posible revisión de oficio daqueles acordos da Xunta de Goberno, datados entre abril de 2011 e xullo de 2013, pola concorrencia de nulidade de pleno dereito.

"Aínda que o ditame do Consello Consultivo apunta a unha vía distinta á iniciada polo goberno coruñés para o reintegro, a súa resolución si avala a tese de fondo do Concello. O que nos vén dicir o órgano consultivo é que o reintegro do exceso de facturación detectado non debe levarse a cabo no marco dun procedemento de revisión de oficio, senón que cómpre iniciar unha vía diferente", expón a concelleira, que salienta que o ditame do Consello Consultivo valida as conclusións dos informes municipais emitidos no curso deste procedemento. Estes respaldaban -caso do informe do emitido polo xefe de servizo de Medio Ambiente o pasado mes de maio- que a empresa trasladou datos pouco fiables e custes sobredimensionados.

O Consello Consultivo indica que, "á vista das comprobacións efectuadas na conta de explotación de 2013" e da súa proxección sobre as contas de 2010, 2011 e 2012, "parece claro" que se produciu un "exceso de facturación". Neste sentido, e como pon como exemplo a concelleira, o Consello Consultivo estima que o incremento dos custes anuais derivados do prego de cláusulas que rexe o contrato se aplicou na facturación efectuada pola empresa, pero tamén á facturación derivada de empresas subcontratadas pola propia concesionaria, "de xeito que o Concello estaría asumindo por duplicado os referidos conceptos". Tal e como establece a resolución, esta causa non se considera suficiente para fundamentar a revisión de oficio das liquidacións, se ben

"cuestión distinta é que poida considerarse un comportamento contrario á boa fe contractual, xa que mediante a subcontratación de empresas do mesmo grupo empresarial se estaría a incrementar artificialmente o custo de explotación como consecuencia do citado efecto acumulativo, duplicando os gastos xerais e o beneficio industrial das dúas empresas".

Deste xeito, e como expón García, o Concello adoptará na Xunta de Goberno local unha vía para ordenar á empresa o reintegro das cantidades adebedadas ao Concello pola actividade de 2010, 2011 e 2012 "debido ao enriquecemento inxusto do que, entendemos, se ten beneficiado a empresa concesionaria, cun correlativo empobrecemento das arcas municipais".

Galicia

O certame Elvira Bao mantén aberto o prazo de recepción de traballos

A Concellería de Igualdade e Diversidade, dirixida por Rocío Fraga, recorda que o prazo de presentación de proxectos e traballos sobre a memoria e a historia invisibilizada das mulleres, dentro do Premio Elvira Bao Maceiras, remata este 8 de novembro, ás 14.00 horas. Dotado con premios que, en conxunto, chegan aos 15.000 euros, este galardón foi impulsado polo Concello no marco da programación de actividades do Día Internacional da Muller, que, por primeira vez na historia da Coruña, foi considerado día festivo.

"As mulleres foron e son motor de transformación da sociedade, como foi o caso de Elvira Bao, pero fai falla que sexamos conscientes diso. Este premio naceu coa vocación de rescatar unha historia oculta e de invisibilidade: a dos saberes e os traballos de moitas mulleres", comentou Fraga, que animou á cidadanía a participar no certame. A primeira edición do mesmo está aberta tanto para persoas físicas maiores de idade, xa sexa de forma individual ou colectiva, así como a

empresas, institucións e entidades sen ánimo de lucro. As creacións ou proxectos que se presenten deben ser inéditos e ter a capacidade de materializarse en accións concretas ou nun produto tanxible. No caso de traballos narrativos e literarios deben estar escritos en galego e empregar unha linguaxe inclusiva.

O Premio Elvira Bao Maceiras conta con dúas categorías. Unha primeira de investigación á que poden presentarse traballos que sexan resultado de procesos de indagación ou recompilación de datos e feitos. Existe tamén unha segunda categoría de produción de obra á que poden presentarse traballos de creación artística, material ou intelectual en calquera soporte ou formato. Cada categoría conta con dous premios. Un do xurado, de 5.000 euros, e outro do público de 2.500 euros. Está previsto que a entrega de premios teña lugar o



vindeiro 10 de decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos. O premio do público outorgase a través dun sistema de votación electrónica que se habilitará na web do Concello.

Os traballos deben ser presentados no rexistro xeral do Concello, de luns a venres, en horario de 09.00 a 14.00 horas. As bases do certame poden ser consultadas na propia web municipal da Concellería de Igualdade.

A Coruña acollerá até finais de outubro seis mercadillos urbanos

A Coruña acollerá dende o vindeiro sábado, 2 de setembro, e até o 21 de outubro, seis mercadillos urbanos impulsados pola Concellería de Emprego e Economía Social en colaboración coas asociacións de comercio de barrio da cidade ideados, precisamente, como forma de dinamización. O titular desta área de goberno, Alberto Lema, destacou que se trata da segunda edición deste programa, que o pasado ano acadou gran éxito. "Unha das liñas estratégicas da Concellería de Emprego pasa pola dinamización e o comercio de barrio, algo que está presente non só neste tipo de actividades senón nas intervencións que estamos a levar a cabo da man doutras áreas como Rexeneración Urbana", indicou Lema, quen recordou, ao fío, o proxecto de mellora e remodelación do mercado e a praza de Monte Alto. "Buscamos atraer á cidadanía ao comercio de proximidade, que é máis sostible e presenta unha altísima calidade", salientou o edil, que manifestou que, con

este obxectivo, os mercadillos contarán ademais de coa exposición de produtos con animación, música en directo, xogos, pasarrúas e outras actividades infantís. O responsable municipal, á vez, quixo destacar o traballo en colaboración coas asociacións de comercio de proximidade da cidade.

O primeiro dos mercadillos urbanos celebrarase esta fin de semana no Parque de Eirís, estando programado o seguinte na rúa Ángel Senra, nos Mallos, os días 16 e 17 de setembro. A praza María Casares, de Elviña, celebrará o seu mercadillo os sábados 23 e o domingo 24, mentres que a praza de Tabacalera fará o propio entre o 30 de setembro e o 1 de outubro. O quinto mercadillo será no Campo da Leña (Monte Alto) a fin de semana do 7 e 8 de outubro, mentres que a praza das Conchiñas pechará o programa, neste caso, o venres 20 e o sábado 21 de outubro. Os horarios de apertura ao público dos postos e actividades desenvolveranse entre as 12.00 e as 20.00 horas.

A Fonsagrada ten un novo albergue de peregrinos

O presidente do Executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo, referiuse á aposta pola mellora dos servizos do Camiño Primitivo como un exemplo do compromiso por diversificar os Camiños de Santiago e converter Galicia nun destino tranquilo, acolledor e aberto ao mundo. "Queremos que veñan turistas e que nos visiten, porque somos un pobo acolledor", aseverou, recordando que se o pasado ano foi "o mellor ano histórico dos Camiños", nos meses que van desde 2017, Galicia xa acolleu un 9% máis de peregrinos que en 2016. "Isto supón unha media de 1000 peregrinos ao día e significa, tamén, que este ano podemos volver a concretar un novo récord histó-

rico de peregrinos", engadiu.

Nesta liña, incidiu en que lugares como A Fonsagrada poden atraer un viaxeiro con interese polo patrimonio natural e histórico, e contribuír a consolidar Galicia como un destino turístico tranquilo. No tocante ao novo albergue, Feijóo subliñou que esta infraestrutura, que nace para impulsar o Camiño Primitivo, suporá un importante impulso para a localidade xa que recupera para a veciñanza a Casa Pasarín, un dos edificios máis emblemáticos desta vila; e porque estas novas instalacións permitirán aumentar a capacidade de acollida de peregrinos e, polo tanto, o seu atractivo turístico. Así, entre as reformas levadas a cabo, uniformáronse os niveis das plantas

baixa e primeira e substituíuse parte da fachada oeste; reemprazouse unha parte da fachada sur por unha galería; melloráronse as condicións de iluminación e ventilación dos patios interiores; incorporáronse melloras de accesibilidade; restauráronse os elementos arquitectónicos e as pinturas murais do edificio; e dispuxéronse tres dormitorios, nos que poderán descansar ata 42 peregrinos.

Ramón Rodríguez

Un equipamento no que en total a Xunta investiu máis de 600.000 euros para mellorar os servizos do Camiño Primitivo, cun albergue bautizado co nome de Ramón Rodríguez, un sacerdote da Fonsagrada que dedicou gran parte da súa vida a dar a co-



O presidente da Xunta visitou as instalacións do novo albergue de peregrinos.

ñecer esta ruta e esta vila.

Feijóo salientou que a declaración dos Camiños do Norte e o Primitivo como Patrimonio da Humanidade veu acompañada por un aumento do interese por percorrelo. Non en van, só nos últimos dez anos o número de peregrinos do Camiño Primitivo multiplicouse por catro, ata aca-

dar os 12.100 o ano pasado.

Feijóo concluíu facendo fincapé en que o Goberno galego está plenamente comprometido co desenvolvemento desta ruta, "e por iso a Rede Pública de Albergues de Peregrinos en Galicia suma xa máis de 10 establecementos ao longo dela", precisou.

Sober terá un novo miradoiro cara ao Cabe e o Sil

O Goberno local do Concello de Sober anuncia a construción dun novo miradoiro na confluencia do Río Cabe co Sil. Vai ser o primeiro miradoiro da Ribeira Sacra instalado no Canón do Cabe, no lugar de A Pena do Conde, moi preto da Barca de Santo Estevo. O lugar é xa na actualidade un miradoiro natural con vistas espectaculares e moi ben comunicado dende Nogueira. A actuación vai consistir na posta en valor e na mellora da accesibilidade na contorna da Pena do Conde e inclúe un estacionamento de vehículos, unha senda de acceso, unha área de interpretación e un miradoiro adaptado ao entorno e accesible. O miradoiro vai estar instalado moi preto do petroglifo de A Tapada do Monte, o que constitúe un atractivo máis para unha zona turística de por sí. O proxecto foi redactado por Gimena Ingeniería, quen xa deseñou a renovación dos miradoiros de Cadeiras, O Boqueiriño e Santiorxo.

O alcalde, Luis Fernández Guitián, subliña o enorme valor paisaxístico e turístico da zona,



Área de Interpretación Turística sobre o río Sil.

posto que desde a nova infraestrutura se poderán contemplar a desembocadura do Cabe no Sil, o mosteiro de Santo Estevo, así como a estación de ferrocarril de Santo Estevo. As obras contan cun orzamento de 49.000 euros, dos que 39.000 euros son aportados por Turismo de Galicia a través das subvencións por concorrencia competitiva de mellora de accesibilidade a recursos turís-

ticos. Con esta nova infraestrutura son 10 os miradoiros do Concello de Sober ao longo do Canón do Sil: o de Pena do Conde na confluencia co Río Cabe; os de Xábrega e Os Chancís, preto da presa de Santo Estevo; os de Cividade e O Boqueiriño en Bolmente; o de Santiorxo; Cadeiras en Pinol; Os Chelos en Amandi; e Soutochao e Pena do Castelo en Doade.

Sober esíxelle á Deputación o desbroce de estradas

O Goberno local do Concello de Sober esíxelle á Deputación de Lugo a urxente contratación do desbroce das estradas provinciais do municipio. O alcalde Luis Fernández Guitián, fai esta petición ante o risco de incendios, a falta de visibilidade que afecta á seguridade viaria e tendo en conta a intolerable imaxe de abandono que se está a dar de cara ao turismo. “Todo isto fai que desde o Concello se considere deplorable a situación, polo que se esixe que con urxencia, se acometan os traballos, tal e como se está a facer nos demais concellos da provincia”. O Goberno local considera que os traballos deberán ter sido realizados ao máis tardar ao inicio da temporada estival, “posto que en agosto non ten sentido que teñamos que estar a soportar esta situación”.

O rexedor recorda que a Deputación de Lugo conta con 75 quilómetros de estradas da súa titularidade en Sober, entre elas as principais vías de acceso, así como as que conectan cos principais recursos turísticos, como o Canón do Sil, a oleira de Gundivós, o románico, os miradoiros, así como a boa parte das adegas da localidade. Nas estradas de titularidade municipal,

que suman arredor de 500 quilómetros están xa os traballos de desbroce a un 90 por cento. Isto foi posible, explica Guitián, porque os traballos deron comezo a finais de xuño.



O desbroce de estradas evitará incendios.

O alcalde lamenta que a situación nas estradas provinciais se repita practicamente todos os anos. Tanto é así que nalgún caso incluso se fixeron os traballos de desbroce en outubro.

A Xunta mellorará a eficiencia enerxética da Audiencia provincial

O Goberno galego invertirá máis de 300.000 euros para acometer obras de mellora de eficiencia enerxética na Audiencia provincial de Lugo. A previsión é licitar as obras despois do verán, co obxectivo de que se executen no primeiro semestre de 2018. Os traballos consistirán nunha actuación integral en todo o edificio, que se baseará fundamentalmente na implantación de iluminación

tipo LED e na substitución de vidros e carpinterías para optimizar a envolvente térmica do edificio. Esta actuación súmase así ás obras de mellora que se executaron na sede da Audiencia durante os últimos anos, e nas que a Xunta ten investido máis de 100.000 euros co obxectivo de converter estas instalacións nun espazo máis útil e axeitado, tanto para os traballadores como para a cidadanía en xeral.



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, na sede da Audiencia de Lugo.

Os seleccionados hai dous anos para as residencias da Deputación seguen sen traballo

A Plataforma de Afectados pola Selección de Persoal das Residencias da Deputación de Lugo expresou a súa “decepción” co grupo de goberno da Deputación, porque a pesar de que os seus integrantes superaron o proceso para formar parte do persoal dos novos centros “hai dous anos”, aínda seguen sen traballo e o goberno non respondeu á súa petición dunha reunión. Lois Neto, da CIG, asesor da plataforma, lamentou que desde que a plataforma solicitou unha entrevista co grupo provincial socialista, tanto por correo electrónico como a través do rexistro da Deputación de Lugo, este colectivo aínda non recibiu resposta. Os afectados solicitaron tamén reunións cos

grupos provinciais do PP e do BNG, encontros que xa se produciron. Segundo Neto, populares e nacionalistas manifestáronse a favor de “que se respectase a selección realizada en maio do 2015, dado que foi un proceso selectivo publicado no Boletín Oficial da Provincia e que non foi recorrido por ninguén”.

“Entendemos que despois de dous anos de espera, as persoas seleccionadas merecense, como mínimo, respecto e teñen dereito a ser escoitadas”. Desde o seu punto de vista, esa “actitude de desinterese” por parte do goberno socialista xera “inquietude” entre os afectados, porque non se percibe “o compromiso cun proceso selectivo que desenvolveuse baixo a súa supervisión”.

Galicia

Redacción LUGO

O PP de Monforte censura que o alcalde empregue a sanidade pública para obter réditos políticos

O grupo municipal do PP de Monforte censura que o alcalde da cidade, o socialista José Tomé, “unha vez máis estea a utilizar unha área de especial relevancia e sensibilidade como é a sanitaria, no seu propio beneficio político”, remarcan. O Partido Popular advirte que as circunstancias que se están a dar en relación ao anteproxecto de Lei da Saúde e, especialmente, precisan, “o baile de datas sobre as actuacións do rexedor”, destapan o “xogo político do alcalde, que se está a mover só por intereses partidistas e por un afán claramente político”.

Os populares lembran que, nun primeiro momento, o rexedor anuncia a convocatoria dunha Xunta de Voceiros para o día 18 co obxecto de tratar o anteproxecto de Lei da Saúde e que o propio alcalde considerou que se debía aprazar ata que pasasen as festas patronais. Posteriormente e ante o anuncio de Esperta Monforte de que pediría un Pleno extraordinario, o alcalde convoca un Pleno para o día 16 ás 13:00 horas co argumento de que o prazo de presentación de alega-

cións remata o día 17. Finalmente, o mesmo día 16, o rexedor decide aprazar este Pleno ata o 29 de agosto, é dicir, tres días antes de que finalice o prazo de presentación de alegacións e unha vez que este foi ampliado pola Xunta.

Para os populares este baile continuado de datas e de accións “só demostran o afán político que move ao alcalde, guiado polo interese de ser o principal protagonista deste xogo que está a empregar a sanidade pública como un mecanismo para acadar beneficio político”. Os populares consideran que as circunstancias que se están a dar desvelan tamén a loita entre Esperta Monforte e o alcalde para capitanear este asunto e usalo politicamente xa que “van un tras o outro, a ver cal acada maior recoñecemento público na crítica contra este anteproxecto”. Dende o PP lamentan “esta situación e a alarma que outra vez o alcalde está a querer xerar entre a cidadanía tal e como xa se deu nos anos 2010, 2011 e 2012, cando tamén empregaron politicamente a implantación das áreas de xestión

integrada para obter réditos políticos”.

O Hospital Comarcal de Monforte coa implantación das áreas de xestión integrada, non só ampliou a plantilla senón tamén os servizos e mesmo as instalacións se viron melloradas e, polo tanto, “a realidade demostra que aquela alarma que crearon eran mentira e outra vez están a querer xerar medo e confusión na cidadanía sen motivo que o xustifique”, aseguran.

Crítica a un documento

Os populares consideran que o alcalde debería explicar cales son os verdadeiros intereses que o moven para aprazar o Pleno no que se debaterá sobre o anteproxecto da Lei de Saúde, xa que “de interesarlle a presentación das alegacións, non entendemos como atrasa a convocatoria da sesión ata tres días antes de finalizar o prazo”. Dende o grupo Popular esixen que aclare os motivos “reais que agocha detrás desta manobra claramente intencionada”. Ademais, os populares tamén explican que independentemente do acordado en sesión plenaria o alcalde “ten potestade



Hospital Comarcal de Monforte de Lemos.

como rexedor para presentar as alegacións que estime oportunas, á marxe da Plataforma”. É dicir, precisan, “que non é competencia do Pleno do Concello a presentación destas alegacións” e lamentan que “o alcalde ningunee permanentemente ao Pleno da corporación e trate de utilizalo cando lle interesa politicamente”.

Polo tanto, “se tal e como di, lle interesa a sanidade pública e presentar alegacións, el mesmo as pode elaborar como representante do Concello. Está claro que busca crear un circo mediático cun tema sensible como é a

saúde pública e nós neste xogo non imos entrar”, aclaran.

O grupo municipal do Partido Popular de Monforte considera totalmente censurables as declaracións do rexedor cando xustifica o aprazamento do Pleno en ter un maior número de días para estudar o anteproxecto. Entón, isto demostra que “está a criticar un anteproxecto que non coñece, nin ten estudado. Dálle igual a reforma, o que está a facer é un uso político. Busca manter vivo este circo mediático e a alarma que outra vez pretende xerar na cidadanía”, reproban dende o PP.

Vivendas de promoción pública en Becerreá

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, entregou tres vivendas de promoción pública no municipio de Becerreá. Trátase de vivendas de primeira ocupación, dúas delas situadas na rúa Ancares e a terceira na rúa



Os inquilinos recibiron as chaves das vivendas.

Ramón Piñeiro. Todas dispoñen de tres dormitorios e rondan os 85 metros cadrados de superficie útil. Os inquilinos accederon ás vivendas, que estrearán nas vindeiras semanas, en réxime de aluguer. O delegado territorial subliñou que o Goberno galego axiliza ao máximo os procedementos de adxudicación de vivendas de promoción pública na provincia co obxecto de favorecer o acceso a un fogar a

aquelas persoas e familias que así o precisan.

Nese sentido, explicou que as vivendas forman parte dos sorteos realizados polo IGVS e se entregan ás persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Xunta de Galicia, ao que poden incorporarse en calquera momento todas as persoas interesadas en participar neste tipo de procesos.

Homenaxe póstuma en Fonsagrada a un comunista histórico

Familiares, veciños e amigos renderonlle unha homenaxe póstuma ao histórico comunista, finado en febreiro, David Álvarez Carballido. “Amou a xustiza e fixo o ben”. Así resumiu a familia e achegados do fonsagradino o legado deste destacado loitador contra a ditadura que finado hai medio ano. Este

acto tivo lugar no cemiterio de San Martín de Suarna, onde descansan os seus restos tralo seu pasamento aos 94 anos. No transcurso da homenaxe colocouse na súa tumba unha placa con referencias a ese amor pola xustiza e á súa condición de “republicano, loitador polos dereitos democráticos e comunista”.



Homenaxe no cemiterio.



A tapa de polbo máis grande do mundo

Trinta pulpeiras e pulpeiros do Carballiño elaborou a tapa de cefalópodo máis grande do mundo, unha fazaña realizada nun tempo récord de dez minutos e 56 segundos. Foron cincocentos quilogramos de polbo perfectamente cortado e aderezado con sal, aceite e pemento nun prato de madeira de piñeiro que tiña un diámetro de 5,37 metros. Repartíronse máis de 1.500 tapas de tamaño normal –a cinco euros– nas que se puido dividir a media tonelada de ce-

falópodo. O público asistente inxeriu o manxar acompañado de viño, pan de Cea e unha sobremesa de chocolate, ademais dun pequeno prato de recordo. “O único truco para ser tan rápido é facelo desde que naces”, explicaba Isaura García, presidenta da asociación de pulpeiros de Arcos. Segundo o alcalde, Francisco Fumega, dúascentas familias da vila viven do polbo o que supón un sector económico fundamental. Con respecto á iniciativa da tapa de polbo xigante, o rexe-

dor do Carballiño reconece que “é tan mediática que ofrece unha publicidade que o pobo nunca podería pagar”.

Este ano pretendíase conseguir un tempo de picado de récord, por iso reduciron a cantidade de polbo con respecto ao ano pasado de 750 a 500 quilogramos. Con todo, volveron a bater o seu propio récord con respecto á edición de 2015 na que se cortou en anacos o mesmo número de quilos, pero foi necesario un minuto máis para completar a tapa.

Bibliotecaria de Buenos Aires

Marta Villar, viguesa afincada en Buenos Aires desde hai sete anos, visitou a Biblioteca da Deputación de Ourense, para iniciar un interesante proxecto de intercambio coa Biblioteca Rosalía de Castro do Centro de Galicia na capital arxentina. Preténdese recuperar a figura e a obra do ilustre galeguista ourensán Rodrigo Prada (Os Peares 1892 - Buenos Aires 1980), figura senlleira da colectividade galega en Arxentina, de quen se cumpre o 125 aniversario do seu nacemento.

A Deputación de Ourense decretou o 2017 como o ano de Rodrigo Prada, un ourensán que traballou na Arxentina e en toda Iberoamérica pola lin-

gua e a cultura de Galicia desde comezos do século XX. Foi un dos iniciadores das Irmandades da Fala en América ata os anos 80, cando faleceu. Prada exerceu de secretario e persoa de máxima confianza de Castelao- recorda Luís González Tosar- durante a derradeira década da vida do insigne rianxeiro.

Marta Villar será a colaboradora bonaerense do proxecto Rodrigo Prada Chamochín, impulsado polo Centro Galicia de Buenos Aires, presidido por José María Vila Alén. Marta Villar estivo acompañada na Deputación ourensá por Ángeles Fernández, da Biblioteca da Deputación e por Luís González Tosar, escritor arxentino-galego.



Marta, Alex, Pepe, Luís e Ángeles celebrando o encontro.

O PSdeG de Allariz pregunta pola desaparición de diñeiro na Policía Local

Zaída Rodríguez Camba, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Allariz, formula aos órganos de goberno municipais unas preguntas relacionadas coa “misteriosa desaparición da cantidade de 4.000 euros que estaban depositados en custodia na oficina de obxectos perdidos, situada nas dependencias da Policía Local de Allariz”.

Dí a concelleira que “o mesmo día que a Corporación Municipal de Allariz facía entrega por primeira vez do premio “Allariz, Vila de Vida”, saía publicado en todos os medios de comunicación un lamentable suceso que algún titulou do seguinte xeito: “Los cacos asaltan a la Policía Alaricana”. Relata Zaida Rodríguez que “as reaccións que nese día se escoitaban polas rúas da vila eran de sor-

presa, estupefacción, asombro, incredulidade e preocupación por ver manchado o nome do Concello que pretende conseguir a cualificación de grande influencia turística, salpicado por esta noticia tan desagradable e perniciosa”. “Como queira que un suceso desta natureza afecta profundamente aos principios básicos que deben imperar na nosa administración local, e a imaxe pública do noso Concello, e polo que veño a formular as seguintes, preguntas”, manifesta a edil socialista.

Preguntas

Considera a Alcaldía, órgano do que depende a Policía Local, a posibilidade de aperturar unha investigación interna sobre o acontecido, para logo depurar as responsabilidades a que houbera lugar? Coa denuncia presentada no cuartel da Garda Civil de Alla-

ríz, dáse por rematado todo este desagradable episodio? Qué medidas pensa tomar o alcalde para evitar no futuro que estes acontecementos poidan ocorrer? Cómo funcionaba deica o suceso acontecido, a Oficina de Obxectos Perdidos de Allariz? Cales son as modificacións que se pensan introducir para que nunca volva a acontecer algo semellante? Cómo pensa recuperar a confianza na institución local, menoscabada por este desgraciado suceso? Constan os servizos municipais que manexan cartos, con tódalas medidas de seguridade que eviten sucesos desta natureza?

Antecedentes

No mes de setembro do 2015 unha muller entregou na Policía Local diñeiro que atopara nunha rúa do centro urbano de Allariz. Daquela o Concello fíxoo público,



Casa do Concello de Allariz, sede da Policía Local.

dicindo que se trataba dunha cantidade duns 3.800 euros -que non era a exacta para non dar pistas- coa pretensión de localizar ao dono, que non apareceu. Desde entón, ese diñeiro xunto cos outros obxectos perdidos custodiábanse na oficina municipal. O

Concello, ao non ser dono nin titular desas pertenzas, non podía depositalas nunha conta bancaria, explicou o alcalde, Francisco García (BNG). Por iso pediron aos servizos xurídicos municipais que propoñan un regulamento de custodia destes obxectos perdidos.

Galicia

Redacción OURENSE

O lume deixa sin forraxe ao gando de Caldelas e sin auga aos mananciais

O lume calcinou a finais de agosto toda unha ladeira da Sierra do Burgo en Castro Caldelas. Tamén se rexistraron incendios nos veciños concellos de Chandrea de Queixa e de Montederramo.

Quedaron afectados escasos recursos hídricos de moitas das pequenas aldeas pois a auga dos seus depósitos e mesmo a das piscinas da zona fluvial de Caldelas foi utilizada polos equipos de extinción. Da Serra do Burgo baixan os mananciais que fornecen a moitas poboacións da comarca, indicou a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega Núñez.

Os gandeiros perderon a forraxe en Montederramo e as zonas de pastoreo non se poden usar ata dentro de dous anos. Castro Caldelas e O Burgo teñen os mananciais baleiros. Os incendios deixaron sen forraxe zonas de produción de carne de vacún en Castro Caldelas, unha das máis valoradas de Galicia xa que as pacas de herba, aínda non gardadas nos silos, que tiñan varios gandeiros de Montederramo para alimentar o gando, arderon.

Doutra banda todas as zonas de pastoreo que resultaron afectadas, tampouco se poderán utilizar por lei para ese fin, durante os próximos dous anos.

Chandrea

O alcalde de Chandrea de Queixa, Antonio Rodríguez, o segundo máis afectado onte con 300 hectáreas calcinadas no lume que cercou a varios pobos como o barrio de Fitoiro e Carballo, afirmou que "todo está xa bastante controlado, a maioría do queimado era matogueira, pero pasamos unha noite horrible, eu mesmo estiven a acompañar aos veciños ata as tres da madrugada e tamén despregamos os nosos grupos de protección civil e a autobomba para colaborar." Recoñece que o inverno pode ser moi difícil agora se persiste a seca e o bosque pode ser un lugar perigoso. O incendio comezou no Burgo, no veciño municipio de Castro Caldelas, ao redor das 18.27 horas e en Chandrea afectou máis a monte baixo.

Días antes a Xunta anunciou que se reforzará o operativo de vixilancia tanto terrestre como aérea da zona sur da provincia a máis castigada polo lume, tras o incendio que afectou a máis de 1.400 hectáreas de terreo na comarca de Monterrei.

Castro Caldelas

"Ver cómo o lume subía desde a zona máis baixa da Sierra do Burgo, que está a uns 325 metros, ata a súa cima a uns 1.200 metros, pois é o monte que destaca na contorna montañosa de Manzaneda, foi algo pavoroso e doloroso á vez, pero ademais o impacto



A Praia fluvial de Castro Caldelas está pechada temporalmente por mor dos incendios.

enerxético e económico deste incendio é enorme", explicou a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega (PSOE).

A zona do Burgo "é de onde baixan os mananciais que abastecen a moitos pobos, e ademais quedaron baleiras depósitos e piscinas, por iso temos que levar auga en cisternas para a poboación rural". Engade que "a limpeza que temos nos montes é boa porque hai grandes superficies de terra produtiva, que xera negocio, pois aquí prodúcese unha das carnes de vacún máis recoñecida e valoradas de Galicia, e onde ardeu non se pode pastar en dous anos", afirma a alcaldesa. Tamén se viron afectadas zonas de viñado, bosque autóctono e de reforestación pero xa anello. "Levabamos tres anos sen incendios, pero este foi provocado aínda que é un traballo que dirán os técnicos. Había polo menos catro focos distintos".

Superficie queimada

Na parroquia de Queixa o lume afectou unha superficie dunhas 300 hectáreas. No seu control traballaron 3 axentes, 4 brigadas, 6 helicópteros e 2 avións.

Tamén segue activo o lume no municipio ourensán de Castro Caldelas, Na parroquia do Burgo de Caldelas, o lume afectou unha superficie de arredor de 250 hectáreas. No seu control traballaron 1 técnico, 8 axentes, 24 brigadas, 14 motobombas, 1 pa, 7 helicópteros e 4 avións. Tamén colaboraron efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME).

O incendio na parroquia de Cova, en A Pobra de Trives, afectou unha superficie de 20 hectáreas, 18 de monte raso e as 2 restantes de arborado. Na súa extinción participaron 3 axentes, 9 brigadas, 5 motobombas e 1 pa.

Na parroquia de Marrubio, en Montederramo, as chamas afectaron a 42 hectáreas, das cales 18 son de monte arborado e 24 de raso. Na súa extinción traballaron 7 axentes, 16 brigadas, 11 motobombas, 2 pas, 5 helicópteros e 4 avións.

A Consellería do Medio Rural lembra que está a disposición da cidadanía o número de teléfono gratuito 085, ao que deben chamar en caso de detectar algún lume forestal.

Axudas para rehabilitar vivendas en Caldelas

A Xunta de Galicia financiará con 40.415,89 euros a Área de Rehabilitación Integral (ARI) declarada no Concello de Castro Caldelas. Os fondos son achegados polo Ministerio de Fomento e polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. O concello regulará os prazos para a presentación de solicitudes por parte dos propietarios de vivendas interesados na súa rehabilitación. Os beneficiarios finais dos fondos repartidos serán os

propietarios de vivendas e edificios de vivendas emprazados no ámbito da Área de Rehabilitación Integral, que recibirán axudas a fondo perdido para as actuacións de rehabilitación que realicen. Tamén se poderá beneficiar das axudas o propio concello para a realización de actuacións de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI. Ademais, a Xunta, con fondos propios, financia a oficina de rehabilitación municipal.



Castro Caldelas ten Área de Rehabilitación Integral.

Inicio da vendima

O día 19 de agosto iniciouse a vendima na primeira adega pertencente á denominación de orixe Ribeira Sacra. Así o notificou na sede do Consello Regulador "Adega dos Taboada" situada no municipio de Castro Caldelas, subzona de Ribeiras do Sil. O día 22 de agosto foron a adega de Eladio Martínez "Anzio" e "Adega Algueira" no municipio de Sober, e subzona de Amandi, as que comezaron a recollida do froito. Mentres as primeiras adegas adscritas á D.O.

Ribeira Sacra anunciaron a súa intención de comezar coa actividade de vendima, os técnicos do Consello Regulador seguen recollendo mostras de uva para completar os controis de maduración nas viñas pertencentes ás cinco subzonas da Denominación de Orixe. Estes controis determinasen o estado da uva para que nos próximos días o Pleno do Consello Regulador poida realizar unha valoración xeral e establecer unha data oficial recomendada para a vendima 2017.



Labores de vendima.

Desde Termatalia, por correo postal, a calquera parte do mundo

Termatalia, en colaboración coa Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño, presenta un “pack” especial de material filatélico que permitirá que as imaxes da feira e da provincia de Ourense viaxen, por correo postal, a calquera parte do mundo. Emitiuse un selo, dous modelos de cartóns postais prefranqueados e un cuño conmemorativo da próxima edición da Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar que se celebrará en Ourense os días 21 e 22 de setembro. Á presentación asistiron o presidente da Sociedade Filatélica Miño, José Barros Cachaldora; a vicepresidenta, M^a Elisa Abad Suárez; o deputado provincial Manuel Doval; o representante de Correos Ourense, José Pérez Diéguez; e o director de Termatalia, Alejandro Rubín Carballo.

O obxectivo principal deste material filatélico especial é animar aos visitantes á feira a que envíen desde Expourense unha postal (con selo e cuño personali-

zados) de Termatalia onde elixan. Isto facilitará que a imaxe da feira e da provincia promocióñense polos máis de 25 países que xa confirmaron a súa presenza na próxima edición. Por primeira vez en Termatalia, instalárase unha Estafeta temporal de Correos que contará con caixa de correos postal para recibir as cartas que viaxarán polo mundo. No mesmo caseta poderase ver unha mostra filatélica sobre a auga e o termalismo dos membros da Sociedade Filatélica, Numismática e Vitofílica Miño.

O selo especial Termatalia 2017 está impreso pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, de curso completamente legal, e é unha edición limitada, o que aumenta o seu valor. A imaxe correposde á escultura Pinga de Auga que se atopa no exterior do recinto e que ha converteuse nun símbolo da feira. Edítanse ademais dúas postais prefranqueadas, as primeiras que se emiten desde a capital ourensá: unha tarifa A para envíos



O material filatélico foi presentando no Liceo de Ourense

nacionais e outra, Tarifa C, para o resto do mundo. A primeira postal leva unha imaxe de feira e a segunda delas presenta destinos turísticos da provincia de Ourense como a área termal de Outariz

ou o mosteiro de San Pedro de Rocas. Pola súa banda, o cuño consiste nunha pinga de auga que acompañada polas palabras auga, termalismo, Termatalia e Ourense, ademais da data da feira.





SPORTUR
Galicia
SALÓN DO DEPORTE
E TURISMO ACTIVO

17, 18 e 19
novembro de 2017
Recinto Feiral de Expourense
(Ourense | Galicia | España)

www.sporturgalicia.com

DEPORTE | VIDA ACTIVA
NATUREZA | SAÚDE


Organizan



Expourense



XUNTA
DE GALICIA



Galicia

Redacción OURENSE

Democracia Ourensana pide atención para os espazos termais

Democracia Ourensana pedirá ao alcalde na sesión plenaria de setembro, que dende tódolos accesos á cidade se mellore a sinalización dos espazos termais. Así mesmo que os viales que conducen a eses espazos permanezcan coidados tanto na súa pavimentación como nas súas marxes. “Os accesos os espazos termais presentan a día de hoxe un estado impropio de dunha zona que se pretende ser referencia turística da cidade e mesmo da provincia,” sostén D.Ou. “Uns accesos que ridiculizan o esforzo inversor que tanto Concello de Ourense como Diputación e mesmo Xunta de Galicia veñen facendo na promoción do termalismo. Partidas millonarias adicadas a súa promoción e que paradoxicamente non se ven acompañadas coas actuacións necesarias para dotar duns accesos dignos os espazos termais,” di o partido político con representación no Concello.

Malestar

“Tanto os nosos veciños,

como os visitantes manifestan de cotío o seu malestar polo estado dos accesos tanto á Chavasqueira, como ao Muíño da Veiga e a Outariz. Primeiramente pola máis que deficiente sinalización das termas. Unha queixa que nos fan chegar especialmente os visitantes. O “tren turístico” que fai a ruta dende a Praza maior ofrece xa ós visitantes a imaxe da desfeita a unha veira e outra da pista vermella pola que transcorre sorteando baches como tamén o fan tanto peóns como ciclistas. A un lado alcorques nos que non se repoñen as árbores e a maleza invadindo a pista con tramos de bordillo soltos ou desaparecidos” manifesta o grupo municipal.

“Na Chavasqueira na marxe do río atopámonos ca situación de abandono común a todos estes accesos. As barandas que delimitaban o camiño e as zonas de baño xa case que non existen. O tramo até a pista vermella está totalmente deteriorado. No camiño de Outariz que percorre



Vista da zona termal de Outariz.

o “paseo das Ninfas” apreciamos como cunetas, desagües e arquetas en todo o traxecto están tupidas. Incluso hay zonas que fan de basurero cheas de latas, plásticos, ferros oxidados e mesmo colchóns. A baranda que percorre todo o circuito termal, está en gran parte no chan e non se repón”, segundo o formación política de Jácome.

Tamén se accede ás termas de Outariz dende a estrada Nacional 120, tanto a estas como as do Muíño da Veiga donde a si-

nalización é especialmente deficiente. Pódese acceder dende dous puntos. Primeiramente a través dunha pista de zorra na que no ano anterior e en colaboración coa Deputación se tentou arranxar. A pista sin cunetas e de terra polvorenta non parece a máis axeitada. Un segundo acceso máis adiante, xa en Quintela, un tramo que aínda que asfaltado, é estreito e con dificultades para a dobre circulación, estando permanentemente invadido pola maleza.

Obradoiro de emprego ambiental en Allariz

O Concello de Allariz xunto cos concellos limítrofes da Bola, Taboadela e Vilar de Santos porán en marcha, a finais de setembro o obradoiro de emprego “Reserva da Biosfera II”.

O proxecto, cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, inclúe a participación de 20 traballadores/as dos concellos antes mencionados e debidamente inscritos no código de obradoiros na oficina de emprego correspondente.

O obradoiro levará a cabo a recuperación e posta en valor de zonas verdes nos municipios enmarcados na Área de Allariz e os participantes realizarán, durante 9 meses, labores ambientais e de mantemento.

O obradoiro capacita aos alumnos/as para obter o certificado de profesionalidade nas actividades auxiliares en viveiros e centros de xardinaría.

Medio Ambiente destinará 500.000 euros á protección ambiental do Xurés

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destinará case medio millón de euros ao longo deste ano para a posta en marcha de actuacións de protección ambiental no Parque Natural do Xurés. Así, llo explicou a directora xeral de Patrimonio Natural, Ana María Díaz, á alcaldesa de Lobios, Carmen Yáñez Salgado, e representantes das Mancomunidades de Montes veciñais en Man Común, cos que mantivo unha reunión e na que lles trasladou que o obxectivo é garantir a conservación e a valorización da paisaxe tradicional galega deste parque. Sinalou que se trata do maior investimento realizado polo Goberno galego neste enclave desde o ano 2011, que blindará o seu patrimonio material e inmaterial e beneficiará a seis concellos da provincia de Ourense, isto é, Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Muíños e Lobios.

Este esforzo inversor é froito do compromiso do Executivo galego pola protección e promoción deste parque natural, no que se desenvolverán traballos de recuperación dos elementos arquitectónicos tradicionais, así como de acondicionamento e sinalización das rutas de sendeirismo e mellora dos accesos e das áreas recreativas creadas na contorna do enclave. Indicou que as obras serán diversas, pero cun denominador común que é a preservación da riqueza natural do parque e a posta en valor da paisaxe tradicional galega.

Por concellos

A modo de resumo, en Lobios restaurase o forno de Guende, no que se cambiará a cuberta, se mellorarán as fachadas e solados, farase unha nova instalación eléctrica e introducirase carpintería de madeira; no de Muíños, acondicionarase o sendeiro ecolóxico de 7 quilómetros de lonxi-

tude que une as localidades de Xermade e Requiás e melloraranse dúas áreas recreativas, como son as do Encoro de Salas e do Corro Mouro.

No Concello de Entrimo, melloraranse os accesos ao espazo natural de Pozo Caído e valorizarase a área recreativa do muíño de Pontóns; e, por último, o no municipio de Bande, levaranse a cabo dúas actuacións cuxa finalidade é a recuperación dos fornos de Fontao e Pereira.

En Calvos de Randín, sinalizase a ruta de sendeirismo existente entre as carballeiras de Castelaus e a Fervenza do Río Firvida, xa dentro do termo municipal de Porqueira, mentres que, en Lobeira, actuarase nas rutas de Leboeiro-Cabreira e Mámoas mediante traballos de roza, recuperación de sendeiros, sinalización, adecuación de zonas de descanso e rampas para anfibios.

A todas estas actuacións hai



que engadir o investimento para servizos e mantemento do parque natural, que suman uns 150.000 euros, entre os que destacan as rozas manuais e mecánicas, as ac-

tividades de divulgación e promoción, a organización dos campos de traballo e o inicio dos trámites para a adhesión á Carta Europea de Turismo Sostible.

O proxecto Porto Cabral divide aos comerciantes de Vigo

En Zaragoza, sede do similar Puerto Venecia, pecharon 1.390 comercios entre 2010 e 2015

Por Pilar Martínez

As diferentes posicións sobre as consecuencias da instalación na cidade do complexo comercial e de ocio Porto Cabral afondan na brecha xurdida entre as distintas asociacións de comerciantes. Se ben inicialmente foron os comerciantes do Calvario e Príncipe os

tivo en 2015 un impacto económico de 694 millóns de euros en Aragón e xa supón o 3% do PIB da provincia de Zaragoza. Consideran que a repercusión para Vigo sería similar e un revulsivo como o foi para Zaragoza, onde se crearon arredor de 4.000 empregos. Asemade, defenden que Porto Cabral podería atraer, como Puerto Venecia en 2016, a preto de 20 millóns de visitantes ao ano.

A outra cara da moeda a conta o Instituto Nacional de Estadística segundo o cal en Zaragoza, entre 2010 e 2015 pecharon 1.390 pequenos comercios. Deste xeito, cabe preguntar cales van ser as consecuencias para o pequeno comercio vigués se o xigante comercial e de ocio se instala en Liñeirios. Incluso é posible preguntar cal será a súa repercusión nos centros comerciais xa existentes, habida conta do continuo peche de establecementos nalgúns deles, ao igual que aconteceu en Zaragoza.

Nesta liña, desde AETRAVI (Asociación de Empresarios e Comerciantes das Travesas) emitiron recentemente un comuni-

que deixaron de pertencer a Federación de Comerciantes de Vigo, posteriormente foron os de Teis os que decidiron romper con FECOVI, que actualmente aglutina a comercios de Navia, Pereiró, Bouzas, Pi y Margall, Torrecedeira e Travesas.

Precisamente foron as asociacións de Teis, Torrecedeira e do mercado do Berbés as que se sumaron aos comerciantes do Náutico e asinaron un convenio de colaboración con Intul Eurofund, empresa promotora de Porto Cabral, polo que esta se comprometía a investir 300.000 euros en 5 anos a partir da apertura do macrocentro na potenciación do comercio destas zonas e na organización de dous eventos anuais no Náutico.

Porén, o presidente da Federación de Comerciantes de Vigo, Víctor Fernández, ten expresado en diversas ocasións a posición contraria de FECOVI á instalación do macrocomplexo comercial en Cabral. De feito, Fernández expresa o rexeitamento ás grandes superficies comerciais ao considerar que repercuten negativamente no pequeno comercio. Asemade, considera que as asociacións do Náutico e Casco Vello están integradas maioritariamente por hosteleiros, polo que ao seu xuízo deberían formar parte doutro colectivo.

Puerto Venecia

Desde Eurofund toman como exemplo para Vigo o modelo desenvolvido en Zaragoza baixo o nome de Puerto Venecia, inaugurado en 2012. Este macrocentro



cado no que se pon en cuestión os datos que reitera Eurofund sobre creación de emprego e alerta de que por cada 2 postos de traballo que se crean en centros comerciais se destrúen 3 no comercio local.

Enquisa

Por outra banda, nas vindeiras semanas, Intel rematará a enquisa que puxo en marcha hai un mes para saber cal é o grao de coñecemento e de apoio da cidadanía da área de Vigo ao proxecto Porto Cabral. O seu obxectivo consiste en actualizar os datos que en 2015 fixo públicos a Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo (AJE) segundo os cales o proxecto tiña un respaldo do 70% da cidadanía de Vigo e a súa área. A realización desta enquisa coincide

coa recollida de sinaturas impulsada por parte dos comuneiros de Cabral para levar ao Parlamento galego unha iniciativa lexislativa popular que propón que o proxecto se tramite pola vía supramunicipal, e que xa suma 15.000 firmas, segundo os promotores.

Defensa do monte

Se ben unha parte da veciñanza defende a instalación de Porto Cabral, non é menos certo que outra boa parte se manifesta periodicamente, baixo o lema "O monte non se vende", para expresar a súa defensa do monte comunal e o seu rexeitamento ás operacións especulativas no monte baixo a premisa de que outro modelo de consumo e de ocio é posible.



Galicia

Redacción PONTEVEDRA

O persoal de socorrismo, o GES e o helicóptero Pesca realizaron simulacros de rescate na praia do Muíño

O Grupo de Emerxencias Supranacionais (GES) da Guarda, o helicóptero de salvamento marítimo pertencente ao servizo de Gardacostas (Pesca) e o persoal de socorrismo da praia do Muíño realizaron durante a mañá do 16 de agosto dúas manobras de rescate na praia guardesa.

Para a realización das actividades de salvamento, o GES e o helicóptero Pesca simulon o rescate dunha persoa con dificultades na auga e outra manobra de rescate dunha persoa en situación de perigo a bordo dunha embarcación.

O operativo contou con catro membros do helicóptero de sal-



vamento marítimo, encargados de realizar o rescate das persoas e a súa evacuación ó Pesca, un membro do GES a bordo da embarcación e os dous socorristas,

interpretando o rol das persoas rescatadas. Ámbalas dúas actividades leváronse a cabo sen complicacións, entre as 11.30 e as 12.30 da mañá.

O Conselleiro de Educación visita o Colexio de Sobrada en Tomiño

O Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez González, visitou acompañado pola Alcaldesa, Sandra González, as obras de ampliación das instalacións do colexio da parroquia de Tomiño.

Esta obra, cun investimento de 130000€ supón a acometida dunha intervención que viña sendo necesaria no centro para a mellora da actividade educativa. O Concello de Tomiño agradece esta intervención, e así o trasladou a alcaldesa ao Conselleiro.

Ademais da visita ao centro, o Conselleiro tivo ocasión de coñecer as intervencións que o Concello ven acometendo nos centros educativos do municipio, cunha aposta clara pola mellora das instalacións e unha inversión municipal moi elevada. Exemplos de estas intervencións de mellora son a reforma dos patios dos colexios do Seixo e



de Sobrada, a mellora dos teitos e das ventás en outros colexios, ou a mellora das instalacións das escolas unitarias, o que fai do Concello de Tomiño un dos que máis invisten en educación.

ACIP esixe o restablecemento da segunda ambulancia nocturna en Ponteareas

O portavoz Municipal de ACiP Juan Carlos González Carrera denuncia as carencias que ten este Concello e os límites con Ponteareas no servizo nocturno de ambulancia e o seu grupo presenta unha moción ao Pleno.

Cabe lembrar que o servizo de ambulancia en Ponteareas estaba formado ata hai uns anos por dúas ambulancias asistenciais as 24 horas, pero na actualidade só hai dúas de 10 da mañán a 10 da noite e unha desde as 10 da noite ás 10 da mañán.

Para Carrera é algo inamisible cando a área que abarca é de máis de 42.000 habitantes desde os Concellos de Ponteareas, Salvaterra do Miño, Covelo, Mondariz Balneario, Mondariz ademais de ser o Centro de Saúde Ponteareas un Punto de atención continuada do Sergas (PAC).

Os servizos de ambulancia é un claro exemplo de saturación do servizo sanitario cando realizan unha media de de 8 a 10 servizos diarios chegando a pico de ata 14 o cal, provoca situacións de saturacións nos propios traballadores das ambulancias.

Os traballadores viven situacións de que a tardanza en intervencións graves provoca protesta do cidadá pagándoas eles mesmos cando a responsabilidade é do propio Sergas.

O servizo do Centro Saúde de Ponteareas ten que solicitar o



servizo de ambulancia doutros parques cando están saturadas as que prestan servizos en Ponteareas sendo neste caso Porriño o que provoca situacións impropias dos tempos que estamos pois a tardanza como mínimo é de 15 minutos se hai ambulancia en Porriño senón sería superior.

Este tempo é fundamental para os sanitarios do centro de saúde pois a urxencia na actuación salva vidas humanas.

Desde ACiP enviarán esta moción que presentaremos ante o Pleno de Ponteareas aos demais Concellos que están afectados por esta situación para a súa aprobación nas súas Concellos.

ACiP demanda o restablecemento do servizo da segunda ambulancia en Ponteareas ademais da creación dunha plataforma de todos os Concellos onde se esixa unha reunión cos responsables do Sergas e da Consellería de Sanidade.

Dita Plataforma estaría formada por todos os grupos municipais dos Concellos afectados pois este problemática ten que ser liderada por todos chegando a concentracións se fose necesaria para demanda o restablecemento de algo que nos pertence e tan necesario.



Losca
Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99 - 698 14 82 07

**VEN...
TOMATE
ESTA CAÑA**



4€

cerramos los domingos

José Manuel Estévez Trillo, novo concelleiro do PP no Porriño

José Manuel Estévez Trillo incorporárase como concelleiro do Grupo do Partido Popular no Concello do Porriño. O novo edil recolle o relevo de Nelson Santos como corporativo.

Empresario do sector hostaleiro, a traxectoria profesional de J. Manuel Estévez está especialmente ligada ao mundo da empresa e do emprendemento local. Cabe destacar a súa faceta como produtor musical co seu grupo Traffic House, téndose consolidado como un dos máis recoñecidos de Galicia.



O novo edil, veciño de Mosen de 38 anos, sumará esta nova responsabilidade como concelleiro ao traballo que vén desenvolvendo nos últimos anos na agrupación local.

O Porriño substitue as papeleiras

A Concellería de Limpeza, que dirixe Orlando Márquez, ven de colocar as novas papeleiras en distintas partes do casco urbano do Porriño no que é o inicio dun proceso que abrangueira todas as parroquias.

As novas papeleiras, indica o concelleiro, que teñen unha capacidade de 60 litros, evitan que o interior poida ser remexido por animais, coma paxaros ou gatos, e permiten que a retirada das bolsas do lixo se faga de xeito doado e limpo, en canto as mesmas se enchan, un proceso que pode facer a calquera hora do día, de maneira que se evite que as mesmas estean cheas ou que haxa cheiros.

Estes novos recipientes virán a substituír aos existentes que, na maioría dos casos, están xa moi deteriorados e xunto con eles esta prevista a colocación de cinzeiros e os popularmente coñecidos coma 'pipi-cans', con bolsas e dispensadores que



teñen coma obxectivo manter as rúas limpas, facilitando a recollida das defecacións dos cans.

Neste sentido, o concelleiro subliña que os axentes da Policía Local aplicarán, de xeito rigoroso a Ordenanza Municipal de Convivencia Cidadá, Limpeza e Recollida de Resíduos, que establece: "as persoas que conduzan cans e outros animais polas vías públicas, deberán levalos amarrados, impedindo que os mesmos depo-

siten as súas dexeccións en calquera lugar destinado ao tránsito de peóns. No caso de que as dexeccións queden depositadas nas beirarrúas, en calquera zona peonil o una calzada, a persoa que leve ao animal está obrigada a súa limpeza".

Orlando Márquez lembra que o incumprimento da obriga de recoller os excrementos dos cans ten establecida unha multa de 750€.

Salceda instalará columpios adaptados nos seus parques infantís

O Concello de Salceda instalará nas vindeiras semanas xogos infantís adaptados para os cativos con mobilidade reducida nos parques municipais da Gándara e Raíña Aragonta. Trátase de elementos inclusivos nos que todos os nenos e nenas poden xogar conxuntamente compartindo espazos e instalacións. O proxecto conta con un orzamento de 15.636,83 €, dos cales 10.338,40 están financiados pola Xunta de Galicia a través da liña de subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación dos ser-

vizos municipais.

Hai que lembrar o enorme crecemento poboacional de Salceda, que chegou a alcanzar a taxa de natalidade máis alta de Galicia, o que fai precisas actuacións deste tipo dirixidas á poboación infantil. O Concello quixo tamén lembrarse dos cativos con necesidades especiais e con problemas de mobilidade, polo que os xogos que se coloquen serán adaptados a todos eles. Así mesmo, en ámbolos dous parques, realizaranse as obras precisas para garantir o acceso dende a vía pública ata as zonas de xogos ás persoas con mobilidade reducida e cadeiras de rodas.



Cerveira e Tomiño promovem "Acessibilidade sem Fronteiras"

Eleito no Orçamento Participativo Transfronteiriço (OPT) 2017 Cerveira/Tomiño, o projeto "Acessibilidade Sem Fronteiras" propõe três dias de consciencialização social para a exclusão por incapacidade física/intelectual. De 3 a 5 de setembro, os dois concelhos vizinhos dinamizam um programa conjunto com caminhada, debate e atividade desportiva adaptada. Inscrições gratuitas decorrem até ao próximo dia 30.

Através de um trabalho em rede de entidades de volunta-

riado social de Cerveira e Tomiño, este projeto inclusivo de âmbito transfronteiriço visa a elaboração de um diagnóstico em torno da problemática da acessibilidade para pessoas com mobilidade reduzida em ambos os concelhos, de forma a analisar a implementação de um programa que dê respostas ao nível de informação, apoio e visibilidade. Trata-se de um passo importante para tornar este território comum ainda mais acessível a todos, eliminando barreiras físicas ainda existentes



Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

Máis de 20 mil racións de callos regadas con viño sousón d'Amaro, da Adega Señorío de Rubiós

A Casa da Cultura Castelao acolleu esta mañá a presentación dunha nova edición da Festa dos Callos de Salceda. Será sen dúbida unha edición especial, xa que se celebran os 25 anos do evento. Para celebralo, o Pleno da Corporación Municipal ven de aprobar a solicitude de Declaración da Festa como de Interese Turístico de Galicia, que nos vindeiros días será remitida á Xunta de Galicia para a súa avaliación.

O Alcalde de Salceda, Marcos Besada, e a Concelleira de Cultura, Teresa Pérez, estiveron acompañados polo alma mater da festa, Alejandro Alonso, Fernando Córdoba, Director Xerente da unidade de negocio de conservas e platos preparados de Coren e por Antonio Méndez, Presidente

de Señorío de Rubiós.

A Concelleira de Cultura salientou a ampla programación complementaria para celebrar a festa, que se vai estender ao longo de catro días con actividades dirixidas a tódolos públicos, dende o xoves ata o domingo.

No tocante á xornada principal do domingo, Suso Vaamonde, "amigo da casa" en palabras de Tere Pérez, será o encargado de dar o pregón da festa. Xa pola tarde Vaamonde ofrecerá un concerto coa Banda Cultural de Salceda no Auditorio Municipal, nun espectáculo que Suso representa en exclusiva con esta banda.

A Concelleira salientou que unha vez máis serviranse callos sen gluten, polo que tamén os celíacos se poden achegar tranquilamente á degustación de ca-

llos. Así mesmo, fixo mención especial ao dispositivo de seguridade e organización previsto, con participación de máis de 50 persoas voluntarias, ademais do persoal municipal e os corpos de Policía Local e Protección Civil. En palabras da Concelleira "estamos preparados para acoller aos milleiros de persoas que se achegarán o domingo a Salceda".

Por parte de Frigolouro, os seus representantes agradeceron ao Concello de Salceda que contase con eles unha vez máis, garantizando a existencia de callos para todos aqueles que se queiran achegar a degustalos, dende as 9:30 ata as 16:00 horas aproximadamente.

Este ano o viño elexido foi un



monovarietal Sousón Manuel D'Amaro das bodegas Señorío de Rubiós, que o público asistente poderá degustar tamén no stand que a mesma bodega instalará na

mesma Praza do Concello. Ademais presentouse unha botella etiquetada especificamente para a Festa, lembrando o 25 aniversario do evento.

Salceda pon en marcha 9 accións formativas para o que resta de ano

O Concello de Salceda de Caselas ven de anunciar a convocatoria de nove accións formativas que se desenvolverán durante os meses de setembro a decembro, e que

teñen por obxectivo poñer en mans dos veciños e veciñas en situación de desemprego as ferramentas precisas que melloren a súa capacitación e as súas posibilidades de inserción laboral.

Os cursos desenvolveranse no Centro de Desenvolvemento Local 'O Torrón', dependente da Concellaría de Formación e Emprego que xestiona Loli Castiñeira. Para participar, os



interesados deberán cumprir dous requisitos: estar en situación de desemprego e estar dados de alta na Bolsa de Emprego Municipal con data anterior á solicitude do curso.

Os cursos que se porán en marcha son os de habilidades comunicativas, inglés, manipulador/a de carretilla elevadora, informática dende cero, preparación das probas da ESO e acceso a ciclos medios, ebanistería (realización de estruturas básicas de madeira), coidados paliativos a domicilio, manipulador/a de alimentos e alérxenos e seguridade informática.

As persoas interesadas deben presentarse no CDL Torrón o día asignado para a proba de selección de cada un dos cursos, que

podrán consultar na páxina web do Concello, así como nos medios de difusión do CDL do Torrón ou no mesmo edificio. A Concellaría de Formación e Emprego conta na actualidade con un AEDL e dúas orientadoras laborais, amosando así a forte aposta do Concello de Salceda por estas áreas.

Todas estas actividades, explicaba a Concelleira de Formación e Emprego, Loli Castiñeira, teñen a finalidade de facilitar aos veciños e veciñas en situación de desemprego "formación en actividades con alta demanda no mercado do traballo" e que lles permitirán mellorar as súas posibilidades de atopar un emprego "e mesmo de optar pola opción de autoemprego".

Humor

Por Tonisavski



Salceda de Caselas

XXV FESTA DOS CALLOS



3 de setembro de 2017

Xoves, 31

22:00 Cine na rúa: *Angry birds*. Praza do Concello.

Venres, 1

17:00 VII Salceda Hip Hop. Circuito Pump Track-Dirt (O Torrón)

23:00 Concerto Salceda Hip Hop. Praza do Concello

Sábado, 2

21:00 Concerto a cargo de "Cantares do Brión". Auditorio Municipal.
Venta de entradas anticipada na Casa da Cultura Castelao

22:30 XI Serán dos Callos. Praza do Concello.

Domingo, 3

09:30 Apertura de taquillas e despacho de callos. Animación musical e actividades infantiles.

12:00 Lectura do pregón a cargo de Suso Vaamonde.

18:00 Animación infantil. Praza do Concello.

20:00 Banda Cultural de Salceda e Suso Vaamonde. Auditorio Municipal.
Venta de entradas anticipada na Casa da Cultura Castelao

E ademais... IV Feira de agricultura ecolóxica e artesanía



Miscelanea

Redacción

0 informe sobre Zara que a prensa galega e española obviou

Inditex, matriz de Zara, responde, en declaracións a Galicia Confidencial, ao informe “Moda sucia” dunha ONG internacional que denuncia a contaminación provocada por catro dos seus provedores de viscosa.

Tomado de Galiciaconfidencial.gal

A Fundación Changing Markets publicou este verán un duro informe sobre o impacto ambiental da industria téxtil. “Algunhas das marcas de moda máis importantes no mundo, incluíndo a sueca H&M e a española Inditex/Zara, están a mercar viscosa procedente de fábricas moi contaminantes”, di a nota de prensa que resume o detallado informe titulado “Moda sucia”.

Galicia Confidencial (GC) cuestionou a Inditex sobre este documento. A empresa de Amancio

Ortega relativiza o seu protagonismo, afirma que deu xa pasos para solventar a cuestión e presume de ser a industria téxtil máis transparente do sector.

Aumento dos casos de cancro

Con todo, a galega é canda H&M, a máis sinalada polas críticas da ONG: “H&M merca directamente de sete das industrias contaminantes investigadas e Zara/Inditex de catro delas”, salienta a nota de prensa de resume. Changing Markets admite que estas dúas compañías e outras marcas xa se comprometeron a usar fórmulas



Os tres fillos de Kallu Singh, un agricultor de soia que vive preto da fábrica de viscosa proveedora de Zara Inditex de Aditya Birla, en Nagda, mostran signos de deterioración mental e físico con idades que van dos dez aos doce anos. A familia culpa diso á auga (Changing Markets).

máis sustentábeis, pero denuncia que a día de hoxe “a produción de viscosa non se controla, recibindo escasa supervisión por parte dos comercializadores”.

As malas prácticas ambientais dos produtores teñen consecuencias directas na saúde dos veciños. De acordo ao informe, hai “evidencias claras de que os fabricantes de viscosa están evacuando augas sen tratar, que contamina lagos e ríos locais”. Esta contaminación é sospeitosa de “estar detrás dunha suba da mortalidade por cancro e de feito algunhas familias locais pararon de beber auga das zonas afectadas polas fábricas por medo ao efecto na súa saúde, especialmente entre os nenos”.

Inditex dá explicacións.

En conversa con GC, dende Inditex explícase que en 2014 botaron a andar unha iniciativa, bautizada Canopy, canda outro cento de marcas, para “atopar as vías máis ecoeficientes na fabricación de viscosa” e protexer os bosques en perigo. A industria de Arteixo asegura que se está a vixiar aos 10 grandes produtores de viscosa para garantir “que todas as fontes de materia prima proveñen de madeira sostible certificada a través de Rain Forest Alliance e que usan procesos sostibles na súa cadea de produción”.

A industria téxtil explica que os “seus provedores deben cumprir con estes requirimentos”. Tamén promete que antes de 2018 publicará o listado deses provedores e se están a cumprir cos controis establecidos a través de Canopy. A cuestión é que de acordo a “Moda suxa”, ningún dos seus provedores asiáticos están a cumprir.

A ONG admite que a viscosa por si mesma non ten porque ser unha mala opción, agora ben, todo depende de como se produza. “Como unha fibra de orixe vexetal, a viscosa é a miúdo presentada aos consumidores como unha alternativa verde; pero este informe mostra que a viscosa nos mercados hoxe en día está producida a través de procesos con moitos químicos”, argumenta.

Aplausos por certa transparencia de Inditex

Changing Markets aplaude a

Inditex, e tamén a H&M, por seren transparente ao proporcionar información sobre os provedores, en China e na India. As fábricas chinesas serían a Nanjing NCFC, Fulida, Sateri, Shandong Helong, Shandong Yamei, Xinxiang Bailu, Jiangsu Xiangsheng, Aoyan Technology e o proveedor indio Aditya Birla.

Máis transparente que moitas competidoras, pero non de todo, dado que “Inditex proporcionou unha lista dos provedores e onde están baseados, pero non especificou cales das súas fábricas producen para eles”.

A ONG tamén admite que Inditex está a aumentar moito o uso de fibras sostibles, especialmente unha chamada Lyocell, da que é o maior consumidor no mundo.

Silencio mediático total nas grandes cabeceiras galegas

O citado documento acapara bastante atención a nivel internacional, fíxose eco por exemplo BBC World News. O resto de medios británicos importantes (por exemplo The Guardian e The Independent) tamén informaron sobre o tema.

No Estado Español, os grandes medios non lle deron difusión algunha. A penas houbo algunha mención nalgunhas cabeceiras da Internet, como Público, ou portais, como Yahoo.

En Galicia, país onde naceu Inditex e onde mantén a súa base de operacións, ningún dos grandes medios de comunicación abordou o informe até o de agora.



Desague preto dunha fábrica de Sateri en China, un dos provedores de Zara Inditex | Fonte: Changing Markets

Núñez Feijóo recibirá a insignia de ouro da Asociación Día de Galicia en Asturias

A Asociación Día de Galicia en Asturias celebrará en Oviedo do 8 ao 17 de setembro, os actos correspondentes á XXII edición. Durante eses días estará instalada na rúa Picasso un parque temático e unha carpa na que se desenvolverán as xornadas gastronómicas de Galicia. Na noite do sábado día 16 preparárase unha gran queimada que se degustará gratis e actuará un grupo de gaitas. Desde o día 17 ao 24, na sala de exposicións do Auditorio Príncipe Felipe estará aberta unha mostra de encaixe de Camariñas.

O xoves día 14 ás 19,30, o profesor e investigador Emilio Esteban, xefe de Oncoloxía do HUCA, ofrecerá unha conferencia na sala de prensa do xornal La Nova España. Ao día seguinte, ás 13,00 celebrárase o encontro empresarial astur-galaico na Cámara de Comercio. A Asociación homenaxeará a La Voz de Galicia, Inplanor, Isemco, Cogesa, Instituto Of-

talmolóxico Fernández -Vega, Futuver, Cocoté e Hemisferios Viaxes.

Forzas Armadas

O día 16, sábado, na sala principal do Auditorio Príncipe Felipe, será a homenaxe ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Participarán a banda de música Cidade de Oviedo, o tenor Aurelio Galbán, a cantante Lucía Pérez e un grupo da Real Banda de Gaitas de Ourense.

O domingo día 17 ás 11 da mañá celebrárase unha misa cantada na catedral coa participación da soprano Tina Gutiérrez. Dúas horas máis tarde, na sala de cámara do Auditorio o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, recibirá a insignia de ouro e brillantes e o carné de honra da Asociación Día de Galicia en Asturias. Ás 14,15 celebrárase unha comida oficial no restaurante O Castelo da Zoreda (La Manjoya).

Para ultimar xestións relacionadas con estes actos, estivo en Ourense o presidente



Alfredo Canteli e Manuel Quevedo coas súas donas.

da Asociación Día de Galicia en Asturias, Manuel Fernández Quevedo. Veu acompa-

ñado do presidente do Centro Asturiano de Oviedo, Alfredo Canteli Fernández.

Caldelas e Asturias

Os galegos que viven en Asturias veñen con frecuencia á Ribeira Sacra e adoitan vir acompañados de asturianos de pura cepa. Desde hai anos fan excursións de días de duración. Manuel Fernández Quevedo, de Loureiro, (Nogueira de Ramuín), presidente do colectivo de galegos dí que ten moi agradable recordo destas experiencias. En Luíntra se fixeron esplendidas fabadas.

En Castro Caldelas, Mingos, da viñoteca

do mesmo nome, recorda un xantar, incluído cabrito, (asado en forno de leña), que se degustou ás 15 horas, aínda que estaba previsto para antes, pero as visitas a Adega Vella, Cachín, e Alodio (na Abeleda-A Teixeira) e Valcar (en Parada de Sil) retrasou xustificadamente o xantar que estivo "espectacular" dixeron os astur-galaicos ao remate. Varios caldelaos de respectable memoria viviron e traballaron en Asturias facendo patria en ambas dúas comunidades.



Miguel, presumindo da historia fotográfica do Castro no bar Grilo.



Autor dunha guía da Ribeira Sacra con Toño.



Canarios no Bar Grilo de Castro Caldelas, hai sete días.

Ribeira Sacra sigue de moda

Ribeira Sacra sigue estando de moda. A ocupación hoteleira en Semana Santa aumentou respecto do ano anterior. O mesmo aconteceu neste verán. As Rutas do Románico, que comezaron o 27 de xuño e rematarán o 7 de outubro despertaron o interese dos visitantes. O día 4 de setembro iniciárase outra quenda de

sete días de saídas de voos en globo pola Ribeira Sacra, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Das 126 prazas previstas, nestes intres únicamente quedaban a finais de agosto 6 dispoñibles repartidas os días 5, 6 e 7 de setembro. O prezo por persoa é de 150 euros. As impresións recollidas dos pasaxeiros son a mellor recompensa aos esforzos adicados a esta iniciativa do Consorcio no 2016. Todos coinciden en describilo como unha experiencia única, unha sensación indescribible e recomendable totalmente para realizar, alomenos, unha vez na vida. A primeira semana de voos acaba de rematar con 126 prazas habilitadas

(18 por día) que quedaron esgotadas a mediados do pasado mes de xullo, segundo informa Sandra Seara, xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. "Tivemos días para ver amencer sobre o río Miño e outros sobrevoando as nubes", indica.

Viñobus

Por outra banda, unha ducia das 93 godelgas inscritas na denominación de orixe Ribeira Sacra iniciaron a vendima a finais de agosto. Segundo datos ofrecidos polo consello regulador ata o peche da edición deste xornal recolléronse 137.537 quilos de uva, dos que 109.232 son da variedade mencia. De godello contabilizábanse o 27 de agosto algo máis de 11.000 quilos. As adegas que abriron a campaña recolleron uva doutras nove variedades, pero son por

agora cantidades non significativas. Nunca nos 25 anos de historia da denominación viuse tal número de adegas abertas en agosto. O consello regulador fixará en setembro a data oficial para o inicio da vendima. Ata agora concedéronse autorizacións puntuais. O Consorcio de Turismo pon en marcha un ano máis o Viñobus, en setembro e outubro, co obxectivo de que nenos e adultos realicen unha viaxe interactiva que lle permita coñecer de preto a videira e o viño.



RUTAS GUIADAS ROMÁNICO

Ribeira  Sacra

2017

DEL 27 DE JUNIO
AL 7 DE OCTUBRE



www.riberasacra.org

Información disponible vía web
y oficina de turismo en 

DEL 27 DE JUNIO AL 7 DE OCTUBRE

RUTA 1. MARTES

Hora y punto de encuentro: 16:30 h en la Iglesia de Santo Estevo de Ribas de Miño.

Visitas: Santo Estevo de Ribas de Miño, Santa María de Pesqueiras, Santa María de Seteventos y Dolmen de Abuime.

RUTA 2. MIÉRCOLES

Hora y punto de encuentro: 16:30 h delante del Ayuntamiento de Taboada.

Visitas: San Pedro de Bembibre, Taboada dos Freires, Santa María de Piñeira y Santa María do Castelo.

RUTA 3. JUEVES

Hora y punto de encuentro: 16:30 h Monasterio de las Bernardas en Ferreira de Pantón.

Visitas: Monasterio de las Bernardas, San Miguel de Eiré, San Fiz de Cangas, Santa María de Proendos y mirador de Santiorxo.

RUTA 4. VIERNES

Hora y punto de encuentro: 16:30 h delante de la oficina de turismo de Chantada.

Visitas: San Salvador de Asma, San Salvador de Brigos, Santa María de Bermún y Santiago de Requeixo.

RUTA 5. SÁBADO

Hora y punto de encuentro: 10:00 h delante del Ayuntamiento de Carballo (en A Barrela).

Visitas: San Xoán da Cova, Santo Estevo de Chouzán y Santa María de Nogueira de Miño.

PRECIO POR PERSONA Y RUTA: 6€ (IVA Incluido)

MENORES DE 14 AÑOS: GRATIS

Y este año..

Los viernes del mes de julio, a las 16:30 h visita guiada Monasterio de San Pedro de Rocas y a las 18:00 h visita guiada Monasterio de Santo Estevo de Ribas de Sil.

Los viernes del mes de agosto, a las 16:30 h visita guiada Monasterio Santo Estevo de Ribas de Sil y a las 18:30 h visita guiada Monasterio de Santa Cristina de Ribas de Sil

Precio: 3€/visita monasterio

INFORMACIÓN ROMÁNICO

Rutas guiadas. Desplazamientos en coches particulares. Las personas interesadas tienen que presentarse a la hora de salida en el punto indicado.

La salida está garantizada, independientemente del número de personas. No es necesario reservar. Para llegar a la Iglesia de Sta. Mª de Pesqueiras y a San Xoán da Cova es necesario caminar por lo que se aconseja llevar calzado cómodo. Las rutas pueden verse modificadas a criterio del guía por oficios religiosos o imprevistos.



Ribeira Sacra
CONSORCIO DE TURISMO



XUNTA
DE GALICIA **galicia**